

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de setembro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Felipe Andreu Barallobre, dona M^a Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona María Olga Santos López, de EU; dona María Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata, integrante do Grupo Mixto.

Asisten dona Isabel M^a Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 26 de abril de 2012 e á sesión ordinaria do 31 de maio de 2012

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que en relación coa acta do pleno ordinario do mes de abril queren engadir unhas palabras que se dixeron no pleno e que non estaban recollidas na dita acta. Quere que se recollan porque foi un debate no transcurso dunha moción presentada polo seu grupo relativa á creación de emprego, e o concelleiro de Obras e Servizos, nun momento determinado dirixiuse á concelleira de Esquerda Unida dicindo “non se excite, non vaia ser que lle veña un embarazo prematuro”. Eles queren que figure na acta do pleno, que se recolla integramente. Por outra parte, consideran que o concelleiro que fixo esas manifestacións e que hoxe non se encontra no pleno, ten que pedir desculpas publicamente por esas desafortunadas manifestacións que non son de recibo.

Así mesmo, quere pedirlle ao Sr. alcalde que, no seu nome, como máximo responsable da Corporación, pida desculpas, non só a unha concelleira de Esquerda Unida, senón a todas as mulleres, porque non é ético en política facer ese tipo de manifestacións.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que ten que desculpar a don Manuel Marante Gómez porque está enfermo na cama. Di que o Sr. Taibo Casás ten razón en que non se deben facer ese tipo de manifestacións en ningún tipo de acto, e que será cuestión de que don Manuel Marante Gómez pida as desculpas que teña que pedir no seu momento. Di que viu a acta coa secretaria pola mañá, e aceptan a reclamación de EU respecto de recoller en acta as manifestacións do concelleiro do Partido Galeguista, reitera que o aceptan, e se lles parece, pasan á votación da acta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás expón que el pediu que o propio alcalde pida desculpas por ser o máximo responsable do pleno, e dalgún xeito por non saber ou non intentar moderar a sesión, é dicir, por permitir esas manifestacións, xa que di que el mesmo pediu nese momento que se respectase á concelleira e o Sr. alcalde non dixo nada e deixou seguir o debate. Por outra banda, di que cren necesario que nos medios de comunicación se pidan esas desculpas tamén.

Conclúe dicindo que é un tema que lle parece moi grave, porque esas actas, como ben dicía a secretaria, vanse publicar na páxina web do concello, e vaise informar a todo o mundo, por iso solicitan que se pidan desculpas publicamente nos medios de comunicación.

O Sr. alcalde manifesta que el comezou dicindo que acepta o que EU propón, pero di que el non pode frear as palabras antes de que sexan ditas, e tampouco lle vai admitir que el teña que pedir desculpas públicas nos medios de comunicación. El poderá frear un debate, pero o que non vai facer é pedir desculpas por un acto que comete un concelleiro, recriminarao e as desculpas teraas que pedir ese concelleiro.

Segue dicindo que el pide desculpas do que lle toca a el, e explica que se o poñen na tesitura de ter que repasar a acta para ver se o Sr. Taibo Casás pediu ou non a intervención do alcalde para que recriminase ao concelleiro naquel momento, entón levanta a acta e déixaa enriba da mesa para a súa aprobación noutro pleno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás expón que el non acaba de dicir iso, di que o que pediu foi respecto para a concelleira, e que baixo o seu criterio, para el nese momento o Sr. alcalde debería ter posto un pouco de orde.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el puxo orde no pleno naquel momento, porque parecíalle que a discusión non ía a ningures, repite que xa puxo orde naquel pleno, que se lembra perfectamente do día 26 de abril. Segue dicindo que el o que non ten que facer é desculparse polas palabras que di outro concelleiro, el terá que

desculpase no nome da Corporación ou do que pasa no pleno, pero unha vez ditas as palabras, el non as pode borrar.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, di que vai falar porque ela é a protagonista das desafortunadas e groseiras palabras do Sr. Manuel Marante. Expón que unha cousa é a petición que está a facer o voceiro do grupo municipal de EU, que por iso a fai el, e por iso non interveu ela directamente, alegando ás boas prácticas, e outra cousa é se xa se incumpre o que indica o Regulamento orgánico municipal, ao que tanto eles como o Sr. alcalde están suxeitos, e le o artigo 113.1.a) o cal di “o alcalde debe chamar á orde a calquera membro da Corporación que profira palabras ou verta conceptos ofensivos á dignidade da Corporación ou dos seus membros”, polo tanto, o Sr. alcalde está obrigado a chamar á orde.

Segue dicindo que eles saben perfectamente que o ton dos debates pode chegar a ser un ton elevado, discútese cousas nas que non están de acordo e pódese elevar ese ton nun momento determinado, pero o que non se pode é insultar e faltar ao respecto, como fixo o Sr. Manuel Marante. Di que se escoita perfectamente na gravación da acta, e que aínda que no borrador da acta escrita consta unha vez, na gravación o repite en reiteradas ocasións: “non se excite, non se excite, non vaia ser que teña un embarazo prematuro”. Di que iso é ofensivo para todas as mulleres, e que o Sr. alcalde, no seu papel de alcalde, debería, xa non di pedirlle desculpas a ela publicamente, senón pedir desculpas polas palabras dunha persoa que non merece ostentar un cargo público, porque non sabe comportarse, e non sabe falar ou dirixirse a unha compañeira da Corporación nos termos adecuados.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á Sra. concelleira que el a entende, e que ela sabe perfectamente que el xamais, como persoa, lle faltaría ao respecto, nin a ela nin a ningunha muller, nin a un membro da Corporación, nin sequera a ningún veciño, porque é a súa forma de ser, pero explica que el non pode pedir desculpas por outra persoa, e que ela o debe de entender, e menos pedilas nos medios de comunicación, que é o que lle están a pedir.

Continúa dicindo que el pide desculpas polo que a el lle toca, cando el mete a pata pide desculpas, e máis dunha vez no pleno pediu desculpas, iso sábeno os veciños que van aos plenos habitualmente. Pide que non lle esixan cousas como ir aos medios de comunicación a pedir desculpas no nome dun concelleiro, el pode parar o pleno e poñer a ese concelleiro fóra, pero non vai pedir desculpas no seu nome, pedirá desculpas polo que pasa no pleno. Segue dicindo que se lembra perfectamente de que naquel pleno lle chamou a atención, é máis, sacoulle a palabra dicindo “Sr. Marante, Sr. Marante, sácolle a palabra”.

Volve dicir que non lle esixan cousas que non vai facer, e pídelles que lle digan se aproban a acta, se non a aproban, se a someten a votación ou se a deixan enriba da

mesa, porque se é así di que escoitará a acta do pleno, palabra por palabra, e así a transcribirá.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que eles van aprobar a acta con esa rectificación que lles pasou a secretaria que está ben.

O Sr. alcalde dálle as grazas.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, di que ela quere facer un rogo de cara ao futuro, xa que o que pasou foi un comentario moi desafortunado. Di que o seu rogo, como muller e como voceira do BNG, é que non se permitan expresións machistas no pleno, sexan ou non recollidas na acta, é un mal exemplo e coa que está caendo, moito máis. Di que de cara ao futuro, e se isto ten que servir de algo, para que de aquí en diante non se permitan ese tipo de expresións, debe quedar claro que é o Sr. alcalde quen ten que chamar á orde a esa persoa.

Antes de pasar á votación dos borradores das actas o Sr. alcalde pregunta se hai algunha intervención máis.

Concedida a palabra á secretaria da Corporación explica que ela se incorporou ao traballo o venres, o día que se fixo a convocatoria do pleno, e como a acta do mes de maio xa estaba redactada e rematada, dixo que se enviase, pero despois decatouse que había que facer unha corrección. Di que onte ou hoxe enviouse por correo electrónico o texto da corrección, non sabe se lles chegou ben a todos, pero trátase de que na proposta de aprobación do expediente de modificación de crédito número 1/2012 por transferencia de crédito, o que se transcribiu como acordo do pleno era a proposta de Alcaldía que se viu modificada pola aprobación do voto particular que presentou Esquerda Unida, polo tanto procede a corrección tal e como se lles enviou.

Segue dicindo que outra corrección que lles quere pedir que fagan na acta do mes de maio, neste caso porque escoitou a acta, é na páxina 21, na moción de defensa e promoción da sanidade pública presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego. Nese apartado, despois do segundo apartado onde se recolle a intervención de dona M^a Victoria Amor Prieto, a redacción do borrador poñía: “A continuación a secretaria xeral expón...” e entra xa coa extensa disertación que fixo. Di que lle estrañou que ela directamente entrase a explicar algo sen que ninguén llo pedise, polo que escoitou a gravación e a señora concelleira explicaba “hoxe non trouxen o regulamento pero seguramente que a señora secretaria o poida dicir”, por iso, se non teñen inconveniente, gustaríalle engadir ao parágrafo segundo “explica que ela non trouxo hoxe o regulamento, pero que seguramente a señora secretaria llo pode dicir”.

Reitera que lle estrañou que ela comezara a falar sen que ninguén llo pedise, por iso quere engadir esas palabras, para que se vexa que ela entrou a explicar algo porque llo pediron.

Non se formulan máis alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores, coas seguintes modificacións:

1ª No borrador da acta da sesión ordinaria do día 26 de abril de 2012 engádesse na páxina 43, un 10º parágrafo que di: “Don Manuel Marante Gómez pídelles que non se excite, non vaia ser que lle veña un embarazo prematuro”.

2ª No borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de maio de 2012, na páxina 8, modifícase o apartado primeiro do acordo de aprobación do expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito número 1/2012, que queda redactado do seguinte teor literal:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito número 1/2012, por importe de 36.188,61 euros co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Transferencia positiva	Transferencia negativa	Crédito definitivo
Código	Denominación				
233.22711	Servizo de axuda a domicilio	325.000,00	36.188,61		361.188,61
912.489	Grupos municipais	66.000,00		33.000,00	33.000,00
151.12101	Complemento específico persoal Urbanismo	92.731,43		395,91	92.335,52
155.12101	Complemento específico persoal Obras e Servizos	71.993,27		206,12	71.787,15
155.130	Retribucións laborais fixos viais públ	129.897,32		40,73	129.856,59
230.12101	Complemento específico persoal Serv. Soc	34.526,40		174,47	34.351,93
230.130	Retribuc.pers.laboral fixo Serv. Social	141.150,28		60,32	141.089,96
2323.12101	Complemento específico persoal Xuventude	10.456,99		97,39	10.359,60
241.130	Retribuc. laborais fixos A.D.L.	115.631,82		242,00	115.389,82
241.131	Retribuc. laborais eventuais A.D.L.	32.352,23		66,85	32.285,38
330.12101	Complemento específico persoal Cultura	35.497,66		66,20	35.431,46
332.130	Retribucións laborais fixos Biblioteca	113.221,16		76,51	113.144,65
332.131	Retribucións laborais temporais Biblioteca	10.000,00		75,40	9.924,60
341.12101	Complemento específico persoal Deportes	10.456,99		98,23	10.358,76
342.12101	Complemento específico Instalacións deport.	56.822,52		43,64	56.778,88
920.12101	Complemento específico Administración xeral	197.507,00		360,10	197.146,90
920.16000	Cotas Seguridade Social	216.813,14		650,42	216.162,72
931.12101	Complemento específico persoal Serv. econ.	82.549,02		534,32	82.014,70
Total		1.742.607,23	36.188,61	36.188,61	1.742.607,23

3ª No borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de maio de 2012, na páxina 21, engádesse ao final da intervención da voceira do BNG, no cuarto parágrafo: “Explica que ela non trouxo hoxe o regulamento, pero que seguramente a señora secretaria llo pode dicir.”

2º Declaración institucional solidaria co alzheimer

Con data 17 de setembro de 2012 rexistrouse de entrada ao núm. 12562 escrito remitido pola Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias (FAGAL) que, con ocasión do Ano Galego do Alzheimer e a celebración o pasado día 21 de setembro do Día Mundial do Alzheimer, invita ao Concello de Cambre para que se sume á iniciativa de “Localidades Solidarias co Alzheimer”, e achega un modelo de declaración para a súa aprobación polo pleno municipal.

De orde do Sr. alcalde, a secretaria xeral do concello dá lectura á declaración que foi asinada polos seis voceiros dos grupos políticos que integran a Corporación, e que consta do seguinte teor literal:

“Declaración de localidade solidaria co Alzheimer.

Conscientes de que o Alzheimer é a demencia con maior prevalencia que afecta en Galicia a 400.000 persoas entre enfermos e familiares e que, debido ao aumento da esperanza de vida da poboación, nos próximos vinte anos verá duplicada a súa incidencia, sendo este un problema especialmente grave en Galicia polo especial avellentamento e dispersión da poboación.

Conscientes de que o Alzheimer é un problema socio-sanitario debido á inexistencia de tratamentos efectivos e posibilidades de prevención.

Conscientes de que a abordaxe desta enfermidade –que ten un custo anual medio de máis de 30.000 euros- recae principalmente nas familias e que a dotación de recursos socio-sanitarios específicos para afrontar as necesidades das persoas enfermas e das súas familias é escasa.

Conscientes de que, a pesar das diferentes recomendacións formuladas dende os diversos órganos nacionais e internacionais e do recoñecemento da importancia desta problemática na comunidade galega mediante a declaración do ano 2012 Ano Galego do Alzheimer, non existe un plan autonómico especificamente dirixido a paliar os efectos desta enfermidade.

E sabedores de que a poboación da nosa localidade está a envellecer e que iso leva consigo importantes riscos á hora de adquirir ou padecer unha demencia (sobre todo tipo Alzheimer).

O Concello de Cambre quere facer constar o seu compromiso con este problema de primeira magnitude declarándose “Localidade Solidaria co Alzheimer”.

Con este xesto institucional queremos servir de exemplo a outros municipios e apoiar á sensibilización e concienciación da sociedade, institucións e cargos públicos sobre este problema socio-sanitario de primeira magnitude.

Ratificando esta declaración, o noso municipio como “Localidade Solidaria co Alzheimer”, apoia a iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer que reivindica a posta en marcha dunha Política de Estado de Alzheimer.”

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que só quere solicitar unha aclaración. No artigo 115 do Regulamento orgánico municipal, cando se fala dos tipos e modalidades das intervencións dos membros da Corporación, están falando de ditames, proposicións, mocións, votos particulares, emendas, rogos e preguntas, non se recolle ningunha modalidade coa denominación “declaración institucional”, por iso lle gustaría que lle aclarasen baixo cal das modalidades existentes poden recoller este tipo de declaración institucional.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que sobre ningunha delas.

Intervén don Augusto Rey Moreno para dicir que neste caso terá que contestarlle o alcalde ou a secretaria.

Don Felipe Andreu Barallobre di que non hai ningún problema, pero que o alcalde pode incluír calquera punto que estime conveniente na orde do día, e así o fixo.

Don Augusto Rey Moreno di que, de todos os xeitos, volve preguntar baixo que modalidade se trata este tema, pregunta que é isto.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que é un punto da orde do día.

Don Augusto Rey Moreno pregunta de novo baixo que modalidade, xa que están a falar de intervencións dos membros da Corporación, e o alcalde é un membro da Corporación. Volve preguntar cal é a modalidade, se é unha moción.

Don Felipe Andreu Barallobre di que é o alcalde quen dita a orde do día.

Don Augusto Rey Moreno responde que debe facelo someténdose ao Regulamento orgánico municipal.

Don Felipe Andreu Barallobre explica que isto non é ningunha moción, nin é un rogo, nin unha pregunta, nin unha moción de fiscalización e control, non é ningunha das formas que aparecen no Regulamento orgánico municipal. Explica que se trata dun punto que o Sr. alcalde decidiu incluír na orde do día.

Don Augusto Rey Moreno sinala que non é así, que o que está presentando é unha proposta, en concreto para apoiar unha iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer, que reivindica a posta en marcha dunha política de Estado sobre o Alzheimer. Di isto porque, evidentemente, e como todos xa saben, este non é un tema competencia do pleno, aínda que el mesmo está a prol de apoialo, pero quere que sirva para que noutras ocasións, cando se presenten mocións por parte dos grupos municipais, se teña en conta que non sempre no pleno hai que debater temas que sexan meramente competencia do pleno.

Don Felipe Andreu Barallobre di que el entende a postura do voceiro do PSdeG-PSOE, pero que non a comparte, posto que isto non é unha moción do grupo municipal do Partido Popular. Explica que eles tamén poden presentar mocións e di que de feito, a comezos da lexislatura, hai un ano aproximadamente, o grupo municipal do Partido Popular presentou unha moción sobre un asunto competencia do pleno que se debateu e se votou polo pleno.

Reitera que o grupo municipal do Partido Popular, do que el é voceiro, pode presentar mocións como as poden presentar os demais grupos, e cando o fagan van atender á descrición que fai das mocións o Regulamento orgánico municipal, pero di que isto non é unha moción, é unha proposta que fai o Sr. alcalde e que inclúe na orde do día.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que, polo que el sabe, a proposta a fan todos os grupos. En todo caso, o que se pide é unha actuación allea ás competencias, non soamente do goberno, senón do pleno, co cal reitera a súa pregunta, e di que ao mellor a señora secretaria lle pode aclarar que forma ten esta proposta e este tipo de intervención que se leva a cabo.

Concedida a palabra á secretaria xeral, di que non vai repetir o concepto de moción, xa que considera que todos os membros da Corporación o teñen claro, e o Sr. alcalde tamén ten o seu criterio e decidiu incluír o asunto na orde do día. Di que ela sempre mantivo o mesmo, as mocións son asuntos urxentes, neste caso o asunto nin sequera está metido como moción urxente, polo menos está como parte da orde do día, e ademais está asinado por todos os concelleiros, por tanto, para ela non ten o concepto de moción.

Continua dicindo que mentres non se regule no Regulamento orgánico municipal a ela non lle poden pedir que interprete o que é unha moción, agás o criterio que mantivo ata o día de hoxe. Repite que para ela isto non é unha moción, pero tampouco pode dicir que sexa unha declaración institucional porque ela, a día de hoxe, no Regulamento orgánico municipal non ten ningún concepto de declaración institucional, pero que se o Sr. alcalde o incluíu como un punto da orde do día titulado “declaración institucional”, ela supón que se corresponde co que os Sres. concelleiros tantas outras veces dixeron que consideran mocións e declaracións institucionais, que se fan noutros concellos, etc.

Conclúe dicindo que cando eles o definan poderán preguntarlle polo concepto de declaración institucional, pero mentres tanto, non lle poden preguntar, ela o que ten é o que se establece no Regulamento orgánico municipal, e pola súa parte non se lle poden dar máis voltas ao asunto.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que, entón, a el parécelle que o goberno parte sempre con vantaxe, porque cando queira presentar algo de carácter institucional poderá facelo, e cando queira a oposición non se lles vai permitir. Volve dicir que o goberno local parte con vantaxe. Por suposto el tamén está completamente de acordo coa declaración que asinou, pero é unha moción e o pleno non ten competencias sobre ese punto.

A secretaria xeral da Corporación explica que ela non lle vai dicir ao Sr. alcalde que estableza o criterio que estime oportuno, pero o que si ten claro é que mentres non estea definido o concepto de declaración institucional no Regulamento orgánico municipal, a ela non se lle pode pedir que explique nada, porque é que non o teñen, e non é simplemente que non o teñan en Cambre, é que tampouco está establecido na lei, nin na Lei de bases, nin no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico, polo cal ela non lles pode dar unha explicación do que é unha declaración institucional.

Explica que son cousas novas, que co tempo se van introducindo, e as normas, como sempre, van por detrás da realidade. Que ela saiba nin se modificou a Lei de bases de réxime local para definir estas cousas, nin se modificou dende o ano 1986 o ROF, pero á vista de que hai moitos concellos que están precisamente utilizando esas definicións nos plenos, ao mellor dende o ano 1986 sería bo que tiveran modificado a normativa existente para que non tivesen o problema de que uns concellos establezan uns criterios e outros concellos, outros, non polo secretario do concello, senón o propio Regulamento orgánico municipal.

Di que hai concellos que establecen criterios, definen o que son declaracións institucionais, nuns casos esixen que esa declaración antes de incluíla na orde do día do pleno sexa aprobada pola xunta de voceiros, noutros non, é dicir, cada concello establece a técnica que estima oportuna, porque non hai que esquecer que o Regulamento orgánico municipal é a lei orgánica para que o concello poida funcionar.

Segue explicando que ela o que non está na lei non o pode definir. Cando modifiquen o Regulamento orgánico municipal di que poden definir como queiran o que é unha declaración institucional, a moción como competencia do Pleno xa está definida no ROF, pero despois poden facer máis definicións, e ao mellor pódese falar de máis conceptos que as declaracións institucionais, poden definir declaracións institucionais que teñan un carácter, outras propostas que leven outro carácter, etc.

Conclúe dicindo que ela polo de agora non pode definilo, porque non hai definición legal, entón, como non a hai, cada concello a define como a ben ten por entender.

Don Augusto Rey Moreno manifesta que por estrutura, por proposta e polo que se pide, iso é unha moción, con independencia de que se chame declaración institucional. Di que é un pronunciamento, unha proposta, que directamente se expón a coñecemento do Pleno, que é o caso, fórmulase por escrito e vai dirixido ao alcalde, e conta cunha parte expositiva ou xustificación, e unha proposta de acordo ou acordos para que o Pleno adopte. Repite que iso é unha moción, se denomine como se denomine, e quere deixalo claro para que, non sendo como non é este asunto unha competencia do Pleno, se teña en conta para posibles futuras iniciativas que se presenten por parte dos grupos presentes na Corporación. Di que é o único que quere dicir.

Para finalizar, di que por suposto o seu grupo vai votar a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que sen ter a suficiente experiencia nin coñecemento xurídico, pero si asistindo a outras declaracións institucionais deste tipo noutras institucións, o que si ten que dicir e que isto é unha declaración de intencións.

Explica que como declaración de intencións el cre que aplicando o sentido común, non o xurídico porque algún avogado lle pode dicir que está falto da verdade, repite que isto é unha declaración de intencións, e como tal, non é resolutive, non hai por que votar unha declaración de intencións, máis aínda cando se presenta asinada por unanimidade por todos os grupos.

Di que isto non é unha moción, que declaracións institucionais se presentan practicamente todos os meses nos plenos da Deputación e que non se votan. El nunca preguntou por que non se votan as declaracións institucionais, e explica que se len ao comezo do pleno e que van na orde do día, e están asinadas por todos os grupos, simplemente dáse coñecemento, pero, dende logo, non é unha moción que teña carácter resolutive.

Segue dicindo que iso aplicando o sentido común, non o xurídico, porque el non é xurista. El non pensaba someter este asunto a votación, é máis, se a asinan todos os grupos non fai falta sometela a votación, ese é o seu parecer, tendo en conta que descoñece totalmente a parte xurídica que ten o tema.

Concedida a palabra á secretaria da Corporación sinala que precisamente acaba de dicir o Sr. alcalde o que se está facendo na Deputación. Dixo que non se vota, e esas cousas son as que ten que definir o regulamento orgánico municipal, o que é unha declaración institucional, cal é o procedemento, se se vota ou non,.... Repite que iso é o que ten que definir un regulamento orgánico municipal, e as distintas Corporacións utilizarán o método que estimen oportuno.

Conclúe dicindo que é así, que o mesmo alcalde o acaba de dicir, en Deputación non se votan, aínda que noutros sitios si o fan, e volve dicir que iso será o que terá que determinar o Regulamento orgánico municipal, primeiro, que carácter van dar á

declaración institucional, que concepto vai ter, porque efectivamente é o que dixo o Sr. alcalde antes, o único que fixeron foi ratificar que o Concello de Cambre apoia a iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer, que reivindica a posta en marcha dunha política de Estado do Alzheimer, pero non é competencia do Pleno.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre expón que todos os grupos consentiron en encomendar á secretaria que redactase unha proposta, para que eles a estudaran e puidesen solucionar todas esas discusións coas que levan dende o comezo da lexislatura. El entende que a secretaria tivo un traballo inmenso nos últimos meses e que probablemente atrasouse un pouco, pero di que tamén está seguro de que o ten na súa lista de tarefas pendentes. Explica que deberían someterse ao que xa acordaron, que é que a secretaria faga unha proposta e despois discutila entre eles e atopar a redacción que lles pareza máis conveniente.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, di que está de acordo co que acaba de manifestar o voceiro do Partido Socialista e co Sr. Baamonde, e falando da forma di que lle parece que o tema da forma xa está falado, un texto é moción ou non en función de quen o presente, pero están á espera da reforma do Regulamento orgánico municipal.

Continúa dicindo que quere facer mención non a forma, senón ao fondo desta iniciativa ou declaración de intencións. Tendo en conta que é moi fácil asinar a proposta por todos os grupos, partindo da base de que está totalmente convencida de que todos os membros da Corporación asinaron positivamente, con ansia, este tipo de declaración de intencións polo Alzheimer, di que, non obstante, non poden esquecer que Cambre está gobernado actualmente polo Partido Popular, un partido que vén de recortar as axudas para a dependencia en 283.000.000 euros, o que vai supoñer unha desatención aos dependentes existentes e vai impedir incorporar a novos beneficiarios, que son fundamentalmente xente que atende enfermidades como o Alzheimer.

Segue dicindo que non é politicamente honesto apoiar unha iniciativa como esta, pola que se manifestan solidarios co Alzheimer e ao mesmo tempo militar e gobernar detrás das siglas que están desfacendo aos cuidadores de persoas que padecen enfermidades como o Alzheimer a base de recortes. Por iso, consideran que esta declaración institucional é moi probable que lles sirva para saír na prensa, pero non serve para que laven culpas.

Conclúe dicindo que EU si está a prol deste tipo de declaracións de intencións.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle á concelleira de EU que ela fixo unha exposición do que lle parece a ela, pero que a el non lle dá vergoña ningunha pertencer ao Partido Popular, repite que ningunha.

Explica que sinxelamente esta é unha iniciativa de Alianza polo Alzheimer, que non é que o Concello de Cambre reivindique ante o Estado, di que non, que eles apoian unha iniciativa liderada por Alianza polo Alzheimer que reivindica a posta en marcha dunha política de Estado do alzheimer.

Di que ela fai unha exposición dicindo que o Partido Popular fai recortes ou non se preocupa do alzheimer, pois ben, ese é o seu pensamento, e é admisible, pero non ten nada que ver co escrito presentado. Tamén aclara que a el iso non lle serve para saír na prensa porque non o presenta el.

Conclúe dicindo que a Sra. concelleira fai afirmacións que el non sabe de onde as saca, porque el non foi á prensa, a el non lle serve. Di que el cre que se deben apoiar esas iniciativas e, de feito, ao longo do pleno de hoxe demostrárase que precisamente o Concello de Cambre apoia a todos os dependentes.

3º Aprobación, se procede, dos proxectos a incluír no Plan “DTC 94: unha Deputación para todos os Concellos”

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de setembro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda, Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo e Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 25 de setembro de 2012.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, expón que en principio senten que gran parte deses 293.000 euros vaian destinados a gasto corrente, porque tendo en conta que, segundo parece, para o ano de 2013 non vai haber Plan de Obras e Servizos da Deputación, e que polo tanto a súa capacidade investidora vai ser moi reducida, este plan podería ser un bo instrumento para dinamizar determinadas obras que entenden que son de urxente execución. Non obstante, di que tamén son conscientes das necesidades que ten o concello en canto a facer fronte ao gasto corrente, en concreto ao gasto de enerxía, por iso vanse abster.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que a eles en principio gustaríalles saber, cando falan do sistema de apagado selectivo de puntos de luz en contornos non urbanos do concello, cun importe de 35000 euros, onde teñen pensado implantalo, porque di que non o saben. Hai pouco tempo dixéronlles que se contratara un estudo enerxético cunha empresa, non saben se isto é parte do estudo enerxético que xa está en marcha, ou a onde van dirixidos eses cartos.

En canto ao gasto corrente de 197000 euros dixéronlles que era polo tema de gasto enerxético. Nas comisións dixéronlles que é pola subida do IVE.

Os concelleiros do PP manifestan que non só por iso.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que é verdade, que non só por iso. Dixéronlles que pola subida do IVE e tamén polos novos contadores. Pregunta se está no certo.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que a enerxía subiu no último ano cerca dun 40%, iso evidentemente nin o decide o Partido Popular nin o goberno de Cambre, nin o podían prever cando se redactaron os orzamentos. Explica que a elaboración dos orzamentos e sobre todo o gasto corrente, faise por técnicos cunhas estimacións que se poden calcular probables, pero se a luz ao longo dun ano aumenta case un 40% descadra as contas de calquera administración, empresa ou particular.

Di que o motivo principal é o aumento do custo da luz no último ano, non o IVE, que é un engadido, a alta de novos puntos de luz tamén é outro engadido, pero o principal motivo é o aumento do custo da luz, que se non se equivoca foi dun 37% no último ano.

Don Óscar Alfonso García Patiño dálle as grazas pola explicación e continúa a súa intervención dicindo que a subida estimada do IVE son 10000 euros, e están dedicándolle 197000 euros, se non se equivoca. De todos os xeitos, el lémbrales o que xa dixeron, que os orzamentos os fan para prever o que vai pasar no ano 2012, e as palabras que dixeron foron que as medidas de aforro enerxético permitirían aforrar entre douscentos e trescentos mil euros nun só ano, e que se contrataron dúas auditorías, unha enerxética e outra de telecomunicacións, para reducir uns noventa mil euros os gastos de subministración eléctrica, telefonía e datos. Ademais, o voceiro do PP, é dicir, don Felipe Andreu Barallobre, comentou no pleno dos orzamentos que a finais de ano terían unha redución do trinta ou corenta por cento.

Conclúe dicindo que eles vanse abster, pero que queda claro que as previsións que o goberno fai entorno aos orzamentos son totalmente erróneas, como se pode apreciar neste caso.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que llo reconece. Tamén quere explicar cales son os puntos que van na proposta, porque este é un programa da Deputación que destina uns fondos para que os concellos os destinen ás necesidades que teñan, case sen limitacións.

Di que un dos proxectos que se propoñen é a reparación do local que xa o Pleno acordou ceder á Cruz Vermella, para que instalen o banco de alimentos entre outros servizos. Outro é destinar unha cantidade a gasto corrente, que se vai xustificar única e exclusivamente co aumento do gasto enerxético. Lémbrales que o gasto estimado de aquí a final de ano non son os 197000 euros, son 291000, aproximadamente, non se lembra agora do importe da partida que había prevista nos orzamentos, pero 291000 € é un erro que nin eles, nin don Óscar Alfonso García Patiño aínda que estivese no goberno, terían podido prever, porque ninguén podía imaxinarse que nun ano a luz ía

augmentar de prezo tal cantidade. El cre que iso o pode entender calquera veciño ou membro da Corporación.

Segue dicindo que evidentemente teríalles gustado outra cousa. El pode confirmarlles que, ata dous días antes da convocatoria do pleno, eles tiñan proxectos suficientes para cubrir absolutamente todo ese programa sen dedicarlle un só euro a gasto corrente, e tiveron que renunciar a presentar unha serie de proxectos probablemente bastante máis vendibles ou rendibles politicamente porque esta é unha necesidade do Concello de Cambre que non se puido prever e á que teñen que facer fronte.

Agradece ao voceiro de UxC que se absteñan, porque polo que parece a proposta vai saír adiante. Recoñécelle o erro, pero pídelles que intente facer un pouco de xuízo crítico e de sentido común, porque este é un erro no que entraron eles pero no que tería entrado calquera, porque son cousas que nin sequera se poden prever.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que entraría calquera dos que están gobernando, polo tanto, o erro é deles.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que respecto a este tema ten varias dúbidas, aínda que apoian a cesión do local da Cruz Vermella para o banco de alimentos. Di que unha técnico do concello informa, respecto do investimento de 60633,51 euros, que se pediron orzamentos a varias empresas, e que se optou pola empresa que máis convenceu e que máis se adaptaba. Eles botan de menos no expediente cales foron as outras empresas e que ofertas presentaron, porque el estivo revisando o expediente do pleno e non viu o orzamento de ningunha empresa. Gustaríalle que se lle clarificase ese tema, nese sentido botan de menos documentación do pleno.

Segue dicindo que no referente ao apagado selectivo de puntos de luz, el ten que dicir que si existe un informe rigoroso feito pola enxeñeira do concello, onde se ve a necesidade do aforro enerxético no que eles están de acordo, e así o manifestaron no pleno pasado, onde presentaron unha moción neste sentido.

Cre que é necesario discriminar nalgúns puntos e permitir que se aforre no gasto por consumo, pero tamén cre que paralelamente a iso hai que poñer a funcionar moitas iluminacións que hai en Cambre que hai case cinco meses que están paralizadas, que non dan servizo aos veciños, iso tamén é importante. Reitera que ademais de aforrar e poñer contadores discriminatorios, para el é moi importante que paralelamente a iso se poña a funcionar a iluminación pública nos lugares do concello nos que na actualidade non funciona.

Respecto do destino do gasto corrente, onde vai unha partida importante para gasto enerxético, a eles parécelles moi importante coñecer o modo de explotación e mantemento das empresas que están a cobrarlles o consumo enerxético, coñecer os

compoñentes que hai, os cadros, unha serie de deficiencias que se van solucionar ou coñecer cando se faga a auditoría enerxética da que falaron o mes pasado.

Di que eles consideran imprescindibles eses datos para emitir un xuízo, porque existen moitos problemas e deficiencias no que se refire á iluminación pública de Cambre. Nese sentido, van apoiar a proposta e vanse abster.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, di que dende o BNG van cambiar o seu voto, posto que nas comisións se abstiveron, e agora van votar a prol, xa que lles convencen os argumentos que dá o goberno, e ademais existe un informe favorable de Intervención. Polo tanto, van votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, di que vai manter o voto da comisión e vaise abster.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que, simplemente por aclarar as dúbidas que manifestou o voceiro de EU, o goberno o que solicitou foron tres orzamentos, é dicir, tres memorias valoradas sobre o custo da obra. Despois, o procedemento de contratación vai ter que seguir o procedemento negociado que como xa saben, agora fanse todos con publicidade. Non quere dicir que esa empresa vaia facer a obra, o que se pediu foi unha memoria valorada e agora, se se aproba, farase o procedemento de contratación onde se poderán presentar as empresas que o desexen. Di que o máis probable é que sexa un procedemento negociado sen publicidade, pero que como xa saben, o goberno municipal decidiu que os procedementos negociados sen publicidade se fixeran tamén con publicidade.

En todo caso, el supón que ao longo da mañá de hoxe se lles enviou un informe e unha memoria valorada do aparelador, ratificando a memoria valorada que xa fixera a empresa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás dálle as grazas e explica que el o que viu foi unha empresa, da que no lembra o nome, e a técnico municipal apostaba por esa empresa, iso foi o que el viu, non viu outras empresas ás que se pedise orzamento. Di que el se limita a ver o que viu no expediente do pleno, no que había unha única empresa.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o tema é moito máis fácil. Explica que teñen 293000 euros que lles dá a Deputación, e que mañá, día 27, remata o prazo para presentar os proxectos de Cambre, e teñen que presentalos cun valor, por iso pediron referencia a tres empresas externas máis a memoria do aparelador municipal, que lles confirman que o valor é sobre os 60600 euros no caso do local da Cruz Vermella e máis o banco de alimentos. Segue dicindo que son memorias valoradas, e que se a Deputación lles aproba a proposta no seu pleno do mes de outubro, entón o Concello de Cambre sacará a licitación a obra que hai que facer, e aí é cando, ao mellor, se

presentarán esas empresas ás que lle pediron orzamentos, ou outras novas. Di que iso é simplemente como aclaración, que son simplemente orzamentos, que non é que estea contratada esa empresa para facer a obra.

Don Luis Miguel Taibo Casás, dálle as grazas ao Sr. alcalde pola aclaración.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do GM.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Participar no Plan “DTC 94: unha deputación para todos os concellos” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Obras e subministracións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Acondicionamento de local na Barcala para creación de sede de Cruz Vermella Española	60.633,51		60.633,51
Implantación sistema apagado selectivo de puntos de luz en entornos non urbanos do Concello	35.989,27		35.989,27
TOTAL	96.622,78		96.622,78

D) Financiamento do gasto corrente do concello da anualidade 2012:

Concello	Cantidade asignada neste plan que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2012	Achega POS 2012 de gasto corrente	Outras achegas
103.000,00	197.257,01		

E) Resumo

	Deputación	Concello	Outras achegas	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS	96.622,78			96.622,78
SUBTOTAL HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTOS				

SUBTOTAL ACHEGAS A OUTROS PROGRAMAS CONVENIOS PLANS, OU				
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	197.257,01	103.000,00		300.257,01
TOTAL	293.879,79	103.000,00		396.879,79

Segundo: Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

Terceiro: Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

Cuarto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou do gasto corrente para o que se solicita a achega provincial, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Quinto: Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4º Proposta da concellería de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, de modificación da distribución orzamentaria entre actuacións do proxecto Arume cofinanciado polo FEDER

Vista a proposta do concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 21 de setembro de 2012.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda e pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo de data 25 de setembro de 2012.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, expón que tal e como explicou nas comisións informativas e na xunta de voceiros, esta proposta non é máis que un trámite burocrático que teñen que facer para poder imputar unha serie de gastos ao plan Arume e obter a subvención, é dicir, que estes gastos, que xa afrontou o concello, os poida recuperar dos fondos cofinanciados polo FEDER.

Continúa a dicir que entre as actuacións atópase unha pequena que é a auditoría de

cento oitenta euros, pero tamén está a asistencia técnica, é dicir, a empresa que lles está a xestionar todo o programa Arume, porque explica que cando chegaron ao goberno tiveron que prorrogar o seu contrato xa que a maioría das obras do plan Arume estaban sen finalizar, e iso xerou un custo.

Tamén está a liquidación da obra que se fixo na praza de Sobrexegue, xusto en fronte da igrexa. Di que se pagou esa factura, pero que non se fixo a modificación para que fose financiada polos fondos FEDER, é un pago que xa está feito e agora poden recuperar o 80% porque é un gasto subvencionable polos fondos FEDER. Igualmente, queren repercutir a subida do IVE, de todo o plan de humanización do Graxal, xa que a maioría das obras se contrataron recentemente e ascende a 30173 euros. Van ampliar a partida 30000 euros o que lles vai permitir, ademais de pagar o IVE, facer un par de obras máis, non moi significativas pero subvencionables dentro da parroquia do Graxal.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vaise abster. Di que entenden a importancia que ten o plan Arume para Cambre, e agardan que se finalicen as obras o mellor posible, porque é un plan que achegou ao concello tres millóns e medio de euros, de aí a súa importancia. Tamén lles parece importante conseguir ese incremento do 70% ao 80%, como xa dixeron nas comisións informativas. Reitera que o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que o incremento foi automático, foi o goberno o que ditou unha resolución ou orde para incrementar a porcentaxe de axuda deses fondos que concede o goberno do Estado, eles non teñen que facer ningunha xestión para que lles subvencionen o 80%, é algo automático.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que eles vanse abster, igual que fixeron nas comisións, iso a pesares de non estar de acordo cunha das obras que propoñen, os bancos na praza de Manuel Murguía, xa que, en principio, o concepto desa praza era dunha praza aberta coa rúa Constitución e o Paseo Marítimo. Eles entenden que con eses bancos vaise pechar a praza co fin de que non aparquen os coches.

Continúa dicindo que cren que hai que ter un proxecto global para O Graxal, e facer as obras de acordo con ese proxecto, pero non o hai, e seguen sen saber cal é o futuro do Graxal, por iso aproveitan para demandar que se realice ese proxecto global e que se vaian acometendo as obras conforme ao dito proxecto.

Conclúe reiterando que, en todo caso, vanse abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que tamén a eles lles gustaría saber cun pouco máis de precisión cales van ser esas dúas actuacións concretas no Graxal, e tamén coincidindo co que acaba de dicir o voceiro de UxC, xa se pronunciaron na xunta de voceiros respecto bancos na praza de Manuel Murguía. Di que

quere que se lle explique se realmente se van poñer uns bancos co fin de non aparcar, porque eles o outro día xa apuntaron que debería haber un estudo técnico no que se diga que medios e medidas se poderían aplicar, e non poñer uns bancos pechando a praza, sobre todo tendo en conta que nesa dirección, a cinco ou dez metros, existen cinco bancos. Supón que haberá mellores alternativas, e correspóndelles aos técnicos dicilas, como poden ser bolardos ou outra cousa menos custosa e que estea máis acorde coa praza.

Conclúe dicindo que os bancos non son a solución, se realmente as necesidades o recomendasen habería que poñelos, pero como ben dixo antes, nas inmediacións da praza hai cinco ou seis bancos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para aclarar que iso foi unha idea que formularon na xunta de voceiros e nas comisións, pero cre que dixeron, e se non o fixeron, o di el agora, que iso non se fará sen un informe ou estudo técnico, que será consensuado co resto dos grupos. Di que iso soamente como aclaración.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre aclara que na proposta que el asina para este pleno non está incluída esa obra, o que se propón é unha modificación ou incremento da subvención da partida destinada ao “plan de humanización do Graxal” para facer fronte aos pagos do IVE. Di que a decisión que tomen hoxe non vai comprometer as obras que se van facer, e teñen marxe se hai dúbidas por parte do resto de grupos sobre elas, porque na xunta de voceiros comunican as súas intencións e teñen a posibilidade de sentarse e formularlas. Reitera que o que van votar agora non é se van facer esa obra ou se van a contratar os bancos da praza de Manuel Murguía, o que se vai solicitar agora é que se incremente a contía subvencionable para facer fronte aos gastos de IVE, iso é o que se vai a aprobar.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que a forma en que se expuxo na xunta de voceiros o tema dos bancos foi a que fixo que insistiran un pouco no tema. De todas formas di que lle parece unha boa idea o que expón o Sr. alcalde, sobre que ten que haber uns informes técnicos e o que lle parece aínda mellor, que se consulte cos demais grupos as posibles alternativas.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, expón que dende o seu grupo, tendo en conta que o procedemento dende o punto de vista administrativo se axusta perfectamente á legalidade, non observan ningunha deficiencia que consideren, ademais de que o resultado dese procedemento é positivo e non hai xeito de melloralo para Cambre, polo tanto, o seu voto vai ser favorable. Di que queren que ese voto de confianza sirva, de certo xeito, para recoller parte do que dixeron outros grupos da Corporación, no sentido de que esa contía que se vai destinar a determinadas obras se faga do xeito máis participativo co resto de grupos, en especial o tema da praza de Manuel Murguía coa rúa Constitución, onde eles tampouco ven a funcionalidade e o punto óptimo que poida ter instalar bancos.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, di que vai manter o voto da comisión e vaise abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do GM.

A Corporación, por nove votos a prol, acordou:

Atendendo ao disposto nas Instrucións para a aplicación e desenvolvemento das bases reguladoras da convocatoria 2007 de axudas do Fondo Europeo de Desarrollo Regional, versión 2.0, de decembro de 2009, modifícanse os orzamentos das seguintes partidas:

-Plan de humanización de O Graxal: Solicítase un incremento da partida e 30.173,79 euros para poder facer fronte ao incremento do Imposto do Valor Engadido (IVE) así como as posibles liquidacións de obra (financiábles polo proxecto)

-Dinamización del lugar de Sobreguexe: Solicítase un incremento da partida de 16.629,16 euros para poder facer fronte á liquidación e aos proxectos técnicos, inicialmente non contemplados no orzamento do ARUME pero financiábles por este.

-Auditorías externas: Solicítase un incremento da partida 180,39 euros para poder facer fronte ao incremento do Imposto do Valor Engadido (IVE)

-Asistencia técnica: Solicítase un incremento da partida e 18.692,69 euros para poder facer fronte ao incremento do Imposto do Valor Engadido (IVE) e ao servizo de asistencia técnica durante a anualidade 2012

-Equipamentos sociais: Casa de la Cultura: Solicítase unha diminución do orzamento da partida 65.676,03 euros, con orixe nas baixas de licitación dos contratos adjudicados, e destino os incrementos de partidas anteriores

5º Proposta de aprobación dos festivos locais para o ano 2013

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 25 de setembro de 2012.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que, tradicionalmente, no Concello de Cambre, igual que noutros concellos da comarca, tiveron o debate de se era ou non necesario que o día de San Xoán fora festivo. Este ano, segundo lles comunicou a Xunta e así saíu nos medios de comunicación, declárase o 24 de xuño do vindeiro ano, día de San Xoán, festivo en toda Galicia, polo que o debate xa non ten sentido, e propónse manter os festivos que tradicionalmente houbo sempre en Cambre, que son o martes de Entroido e o 16 de agosto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Establecer como festivos para o ano 2013 os días martes de Entroido e o día 16 de agosto de 2013.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña, Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

6º Solicitud de comparecencia do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo presentada polo grupo municipal de EU

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que neste punto ten outra petición de comparecencia asinada polos grupos do PSdeG-PSOE e UxC, e pídelles que se lles parece ben poden votar as comparecencias xuntas porque van ser favorables.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que efectivamente hai dúas solicitudes de comparecencia, ou tres, dúas presentadas en conxunto e outra que presentou o seu grupo hai oito días, polo que se lle permiten, gustaríalle facer a exposición de por que fan a solicitude da comparecencia, a xustificación.

O Sr. alcalde responde que se lle parece ben votan primeiro a petición de comparecencia e despois danlle a palabra para que explique.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a solicitude de comparecencia do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo presentada polo grupo municipal de EU, así como a solicitude de comparecencia presentada polos grupos municipais do PSdeG-PSOE e UxC.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, e como explicación e xustificación da solicitude presentada polo seu grupo, dá lectura á primeira parte do escrito presentado polo seu grupo, rexistrado de entrada ao núm. 12571 con data do día 17 de setembro de 2012, segundo o seguinte teor literal:

“Solicito a comparecencia diante do próximo pleno municipal ordinario do vindeiro día 27 de setembro, do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo, don Santiago Ríos Rama, para que responda as cuestións relacionadas co seguinte asunto:

Explicación como responsable da área mencionada, no referente ao balance do festival Rock in Cambre, e das festas de Santa María celebrados ambos eventos no pasado mes de agosto.

O obxecto principal da solicitude desta comparecencia é o de cumprir coa obrigaón que temos cos veciños de Cambre para facilitar unha maior transparencia na xestión do diñeiro público, tratando que non se vulnere a legalidade por parte do goberno en relación coa información sobre os dereitos dos membros da oposición na Corporación municipal.

Considera o noso grupo, que en relación co asunto que tratamos, non existiu a comunicación e información que un goberno municipal deba ter co conxunto da Corporación, ignorando tamén as normas máis elementais de cortesía que deben existir entre goberno e oposición na administración municipal.

Son reiterados e inxustificadas os actos do actual equipo de goberno nas súas relacións co resto da Corporación; sistematicamente aplícase con rigor o establecido no ROM e outras normas naqueles aspectos restritivos de dereitos dos membros da oposición e pola contra ignóranse en moitas ocasións as prerrogativas que este e outras leis outórganlles en orde ás súas funcións democráticas e constitucionais.

Como consecuencia do anterior, o grupo municipal de EU, formula as seguintes consideracións:

Primeira: Como vén sendo habitual, no noso concello vén celebrándose nos últimos vinte anos, o Festival Rock in Cambre e tamén como é tradicional teñen lugar as festas patronais de Santa María na parroquia de Cambre no mes de agosto.

Segunda: As festas populares son unha manifestación cultural tradicional de carácter lúdico que, nos tempos actuais precisan dunha necesaria regulación das actividades e espectáculos públicos suxeitos cada vez máis a pautas de conduta sociais impostas polas demandas de seguridade, orde pública e protección medioambiental, precisando dun réxime tal que as harmonice con estes principios, en especial nos casos en que constitúen fenómenos de masas.

Terceira: Esta harmonización debe facerse encontrando o punto en que sexan coincidentes a viabilidade dos festexos e o entretemento que naturalmente comportan, tendo en conta a protección dos dereitos individuais, colectivos e os valores que lles son inherentes.

Cuarta: Este labor non é en absoluto sinxelo, pois dun lado, as festas non poden en ningún modo, constituír unha sorte de ilegalidade consentida que poña en tela de xuízo a bondade do sistema e, doutro lado, as esixencias formais a que deben suxeitarse han de ser o suficientemente áxiles e flexibles como para, sen detrimento dos requisitos mínimos necesarios, permitir o desenvolvemento dos festexos na súa lóxica manifestación de espontánea expansión.”

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que, neste sentido, presentaron 24 preguntas ás que darán lectura no vindeiro pleno ordinario.

Toma a palabra o Sr. alcalde para preguntar se os outros dous grupos queren facer a súa exposición nese momento, e ao non ser así, concédelle a palabra ao concelleiro de Cultura e Turismo.

Don Santiago Manuel Ríos Rama di que el non ten ningún inconveniente en facer a comparecencia, está disposto a facela pero, como xa faláron, será no vindeiro pleno, porque aínda está chegando documentación, xa que ata o día trinta do presente mes teñen prazo para presentala. A súa intención é responder a todas as preguntas dunha forma pormenorizada, e non dunha forma parcial que sería como podería responder á maioría actualmente.

Reitera que no próximo pleno, pensa que será capaz de responder dunha forma pormenorizada, tanto ás preguntas que presentou EU como ás que presentaron o PSdeG-PSOE e UxC.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece ao Sr. concelleiro a súa vontade para comparecer.

7º Mocións ou propostas urxentes

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que se atopan na mesma tesitura que outras veces, ten que dicir que o grupo do PSdeG-PSOE presentou unha moción que en realidade é un rogo.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, di que o que supón é que o Sr. alcalde non lle vai permitir presentar a moción.

O Sr. alcalde contesta que lle permite lela como un rogo.

Dona Margarita Iglesias Pais di que van comezar de novo. Di que, dado que o seu grupo discute a competencia que ten o Sr. alcalde para tomar esa decisión, vai formular unha cuestión de orde e para iso vai facer referencia, e vai pedir que se aplique nese pleno, o artigo 108 do Regulamento orgánico municipal, en concreto o apartado 5 no que se di: “nas sesións ordinarias, conclusos o exame das cuestións incluídas na orde do día, e

antes de pasar ao punto dos informes, rogos e preguntas, o presidente preguntará se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas. Se fose así, o voceiro propoñente xustificará a ausencia da moción do pleno e acto seguido o Pleno votará sobre a procedencia do seu debate.”

Segue dicindo que ela non entende en que se basea o Sr. alcalde para tomar a decisión sobre se unha moción pode presentarse ou non, porque o alcalde niso non ten competencia, xa que a moción non forma parte da orde do día, como ben di o ROM, e tampouco entra dentro da competencia que ten para dirixir os debates. Entende que con base no artigo antes mencionado é o Pleno o que a través da votación da urxencia, decide sobre que mocións se presentan no pleno e cales non.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el non está a discutir iso, nin lle está poñendo cortapisas a que ela presente o que queira, el o único que di é que iso non é unha moción, é un rogo.

Dona Margarita Iglesias Pais di que, entón, cuestión de orde segunda.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicarlle á Sra. Concelleira o por que da súa decisión, que ademais é algo que xa trataron varias veces. Di que o Pleno do Concello de Cambre non é competente para resolver o asunto, o texto que se presentou “insta”, está a rogarlle a el, e iso claramente é un rogo, non unha moción.

Dona Margarita Iglesias Pais di que ela non lle está rogando ao alcalde nada.

O Sr. alcalde responde que o está instando.

Dona Margarita Iglesias Pais di que o Pleno está instando ao goberno de España e ao goberno da Xunta a que modifiquen unha política, non se dirixe en ningún momento ao Sr. alcalde de Cambre.

Continúa dicindo que presenta unha cuestión de orde, e pide que se aplique o artigo 115, apartado 1 f) o cal define o rogo como “a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos do goberno municipal”, polo cal a súa moción non cabe na interpretación dun rogo. Ademais pensa que o Pleno é perfectamente competente para dirixirse a calquera instancia nacional, estatal, para pedirlle calquera cousa.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que todos os grupos municipais, incluído o grupo da Sra. Concelleira, o grupo do PSdeG-PSOE, xa tiñan acordado, posiblemente nalgunha xunta de voceiros onde ela non estaba, pero na que estaría o seu voceiro, que lle pedirían á secretaria que fíxera un ditame e unha proposta para que entre a xunta de voceiros ou entre todos os concelleiros

puideran tomar unha decisión respecto da modificación do Regulamento orgánico municipal, e ata entón, tratar de revolver o debate, que xa se foi prolongando durante meses e meses.

Neste punto don Felipe Andreu Barallobre pídelle á Sra. Concelleira do grupo socialista que o deixen rematar.

O Sr. alcalde chama á orde a dona Margarita Iglesias Pais.

Continúa dicindo don Felipe Andreu Barallobre que este é un punto onde é evidente que non están de acordo, e é evidente que é un punto mellorable, niso todos están de acordo. Di que eles teñen uns servizos xurídicos que, evidentemente, van ter que informar calquera modificación que fagan do Regulamento orgánico municipal, e, polo tanto, cre que a posición coherente foi que todos os grupos pediran, no seu momento, á persoa que ten a competencia para informar sobre esa modificación, que lles fixese unha proposta que considerase axustada a dereito.

Segue dicindo que unha vez feita a proposta, eles poderían valorar a oportunidade de modificala para que, evidentemente, ela despois volvese a informala. Di que ese foi o procedemento que acordaron precisamente para non estar en todos os plenos debatendo sobre ese asunto, pero se queren que volvan debater sobre iso, el imaxina que á secretaria non lle apetecerá moito, pero volverá explicar que é unha moción.

Dona Margarita Iglesias Pais solicita unha cuestión de orde.

Toma a palabra o Sr. alcalde e pídelle á Sra. concelleira que lle permita, que como el non é avogado, xa dixo dende o principio que non entende de leis, pero si de sentido común, e ten moi claro o que é unha moción e o que é un rogo. Neste caso preguntalle á concelleira que máis lle dá que sexa moción ou que sexa rogo, se el llo vai votar a favor, repítelle que llo vai votar a favor, e volve preguntar que máis lle dá que sexa moción ou rogo. Explica que el o único que quere é que teña claro o que é unha moción e o que é un rogo.

A secretaria xeral pídelle a dona Margarita Iglesias Pais se pode ler de novo o artigo que leu do ROF.

Dona Margarita Iglesias Pais responde que as cuestións de orde non dan lugar a debate, e que iso é o que pon no ROM, ela estase dirixindo ao alcalde que é quen está tomando unha decisión. Di que ela ten moi claro o que é un rogo, e cre que o Sr. alcalde non o ten tan claro, pero ela si e o que presentou dende logo non é un rogo.

Segue dicindo que a ela si lle importa, porque todos os concelleiros presentes son os representantes dos cidadáns, e todas as iniciativas que toman, as toman con criterios políticos, por iso entende que non é o Sr. alcalde o que ten que dirixir a actividade do

resto dos grupos políticos deste concello. Volve dicir que por iso lle importa, e cre que mentres non se aclare, o coherente e razoable sería que, dado que están exercendo un cargo, neste caso amparados polo disposto no artigo 23 apartado 2º da Constitución Española, que o Tribunal Constitucional declarou que inclúe tamén o dereito a elixir os procedementos que se utilizan para exercer o cargo, cre que o adecuado sería protexer a todos os membros da Corporación coas súas decisións, e neste caso o alcalde está restrinxindo a súa actividade política.

Toma a palabra o Sr. alcalde para reiterar que el ten moi claro o que é un rogo e unha moción, pero se pregunta se o Partido Socialista tamén o ten, porque que iso llo digan os concelleiros de UxC, e que lle perdoen eles que os cite, pode admitilo, pero non entende que o PSOE, que ten representantes en todas as institucións do Estado Español, inste ao alcalde de Cambre nunha moción.

Dona Margarita Iglesias Pais pídlle que lea a moción, porque ela non insta ao alcalde.

O Sr. alcalde di que está a instar, e pregunta a quen insta.

Dona Margarita Iglesias Pais repite que ela non insta.

O Sr. alcalde di que entón quen escribe iso, o alcalde, a secretaria...

Dona Margarita Iglesias Pais di que non, que se dea traslado do acordo directamente á secretaria do pleno, que non se está referindo ao alcalde para nada, en ningún aspecto, e di que o alcalde está facendo unha interpretación completamente errónea do que é un rogo, polo que lle pide que volva ler a definición: “rogo é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos de goberno municipal. Poderán ser debatidos pero en ningún caso sometidos a votación”.

Continúa dicindo que o seu grupo quere que o Pleno se dirixa ao goberno da Xunta e ao goberno do Estado Español, e quere que se vote o asunto, por iso non lles parece procedente presentar un rogo, é a súa liberdade.

Acto seguido volve a ler o artigo que lle solicitou a secretaria: “nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día, e antes de pasar aos puntos de informes e rogos e preguntas, o presidente preguntará se algún grupo político desexa someter á consideración do pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba á convocatoria, e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas. Se así fose, o voceiro do grupo propoñente...”

A secretaria da Corporación sinala que ese é o problema, esa definición, por iso di que o vindeiro luns, sen falta, poñerase co informe para preparar a modificación do Regulamento orgánico municipal.

Dona Margarita Iglesias Pais preguntalle á secretaria se considera que o escrito presentado pode incluírse dentro dun rogo, porque é unha petición dirixida a un órgano municipal.

A secretaria da Corporación contesta que llo está pedindo ao Sr. alcalde, e engade que eses conceptos, así como tamén o de declaración institucional, son os que hai que aclarar.

Dona Margarita Iglesias Pais sinala que ela non lle pide ao alcalde que traslade nada, e segue a ler o artigo: "... se así fose, o voceiro do grupo proponente xustificará a urxencia da moción e acto seguido o pleno votará sobre a procedencia do seu debate. Se o resultado da votación fose positivo por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación seguirá o procedemento previsto no artigo 110 deste regulamento".

Toma a palabra o Sr. alcalde para volver a dicir que el o ten claro, para el iso é un rogo, e que non lle dea máis voltas, porque el non lle vai permitir que o lea como unha moción.

Dona Margarita Iglesias Pais pide se lle pode xustificar con base en que toma esa decisión, que competencia está a utilizar.

O Sr. alcalde di que non lle vai permitir que o lea como unha moción, e cre que hai que acabar o debate.

Dona Margarita Iglesias Pais di que por suposto, pero que sexa o alcalde o que non permite ler a moción, porque di que eles non van retirar nada.

O Sr. alcalde responde que non é un tema de que o retiren ou non o retiren, di que el simplemente lle di que non o vai ler no capítulo de mocións e que o lea como rogo.

Dona Margarita Iglesias Pais di que non, que é a súa decisión, e pide que o Sr. alcalde declare que non permite ler a moción e xa está.

O Sr. alcalde sinala que el o que non lle permite é presentar iso como unha moción.

A concelleira socialista volve pedir ao Sr. alcalde que xustifique, por favor, a súa competencia.

O Sr. alcalde di que pasa a moción seguinte que é o que ten que facer, e que el fará o que queira, pero porque ten a potestade para facelo.

Dona Margarita Iglesias Pais insiste en que é un acto restritivo de dereito, e que, polo tanto, teralle que dicir que competencia como alcalde está a utilizar.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que con respecto ao que están falando, e con independencia de que sexa unha moción ou un rogo, o alcalde está a facer unha pequena discriminación ao resto dos grupos cando lle di á concelleira do Partido Socialista o de que máis lle dá, que el vai aceptar o rogo. Di que o alcalde lle acepta o rogo, pero que ten que pensar nos demais grupos, en que se manifesten os demais grupos, porque nun rogo o resto de grupos non se poden manifestar xa que se impide votar, mentres que nunha moción si poden votar. Por iso destaca que non é igual unha moción que un rogo, porque o alcalde pode admitirlle o rogo, pero os demais grupos integrantes da Corporación non se poden manifestar. Di que esa é a diferenza.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que todos os grupos teñen dereito a presentar iniciativas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para contestarlle ao Sr. Taibo Casás que el ten claro o que lle está a dicir, pero que xa o dixo a secretaria da Corporación por activa e por pasiva, definiu as cousas, e levan todos os plenos discutindo o mesmo, repite que en todos os plenos, cal é moción e cal é rogo.

Expón que, tendo en conta que os grupos da oposición están en maioría respecto do grupo de goberno, poderían adoptar un acordo plenario e obrigar ao alcalde a facer algo co cal non está de acordo, e el tería que tragar. Esa é a razón pola que ten que estar perfectamente definido o concepto de moción e de rogo, porque a el poden rogarlle que faga algo, e el aceptalo, pero o que non poden é obrigalo a facer algo co cal non está de acordo.

Conclúe dicindo que el cre que a diferenza está clara, que a explicou a secretaria por activa e por pasiva durante doce plenos polo menos. Esa é a diferenza, non hai outra, e é potestade do Sr. alcalde, xa que así o pon o Regulamento orgánico. Volve reiterar que eles non poden obrigalo a facer algo co cal non estea de acordo, non poden.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais di que, xa que fala o alcalde da potestade, gustaríalle e xa llo pediu antes posto que é un acto restritivo, que lle diga que potestade está utilizando exactamente, nada máis, porque é a súa obriga xustificar unha resolución que restrinxe dereitos, debe motivala. Pide que lle diga o Sr. alcalde exactamente que artigo é o que está aplicando para tomar esa decisión, porque iso non forma parte nin da lección de debates nin da orde do día, e volve a preguntar exactamente que competencia está exercitando.

Toma a palabra o Sr. alcalde e responde que el non se sabe o ROF nin o ROM de memoria, pero se quere pónense a ler agora eses regulamentos e llo xustifica, senón dille que llo xustificará, porque el non toma decisións porque lle apetezan, di que el é o alcalde de todos os veciños de Cambre, e non lle pon cortapisas, e se ela o le como rogo, el vaillo votar a favor.

Dona Margarita Iglesias Pais di que non pode votar nun rogo.

O Sr. alcalde di que non é votarllo, senón que é aceptalo, porque ese acordo plenario que ela pretende con esa moción, ese acordo alguén o terá que asinar, e pregunta quen dirixe ese escrito ao goberno de España e ao goberno da Xunta, pregunta se o vai asinar o Pleno da Corporación ou o Sr. alcalde de Cambre.

Volve reiterarlle que se ela fai o rogo, el acéptao.

Dona Margarita Iglesias Pais di que entón é un tema político e non xurídico.

O Sr. alcalde dille que lle deixe rematar, que se ela o presenta como rogo el vai aceptalo, e dirixirse ao goberno de España e da Xunta e firmar como alcalde de Cambre, pero se quen o aproba é o Pleno da Corporación, pregunta se quen o vai dirixir é o Pleno da Corporación, porque o alcalde non o vai asinar, xa que non está de acordo. Volve preguntar quen o asina, se o vai asinar o Pleno, se hai que chamar a todos os concelleiros e que asinen todos menos o alcalde que non está de acordo.

Dona Margarita Iglesias Pais dille que si.

O Sr. alcalde pregúntalle que onde se recolle iso, en que lei de réxime local, porque o que lle está dicindo e preguntando é quen o dirixe ao goberno de España e ao goberno da Xunta, quen o vai asinar ou se vai sen asinar. Di que el poñerá que o Pleno da Corporación do Concello de Cambre acordou tal cousa e dirixilo ao goberno de España, pero non vai ir asinado por ningún, poñerán o selo do concello e vai para alá.... Volve a dicir que alguén o terá que asinar.

Dona Margarita Iglesias Pais expón que se o Sr. alcalde o vai asinar como rogo, entón pregunta cal é o problema para asinalo como moción, permitindo ao resto dos grupos pronunciarse sobre a moción.

O Sr. alcalde manifesta que é un problema de concepto.

Dona Margarita Iglesias Pais responde que é un problema político.

O Sr. alcalde dille que dende que el entrou neste concello a gobernar, estudou o que era un rogo e o que era unha moción, e se non llo permitiu aos demais grupos, non llo vai permitir a ela agora.

Continúa explicando que o que é un rogo é un rogo, e o que é unha moción é unha moción, que é resolutiva e o Pleno é competente para tratala. Dille que xa vai ver como a seguinte moción a vai deixar ler como moción, porque afecta ao Concello de Cambre, e polo tanto poden tomar unha resolución, pero respecto da asunto que están a discutir

agora non poden tomar unha resolución, o que se aproba é algo que un ente supremo dirixirá ao goberno de España e ao goberno da Xunta.

Conclúe reiterando que como rogo llo deixa ler, acéptallo, asíno e mándao ao goberno de España, dirixido ao Sr. presidente do Estado, di que non ten problema. Pero como moción volve preguntar quen a vai asinar.

Dona Margarita Iglesias Pais contesta que o alcalde, como presidente do pleno, non como alcalde.

O Sr. alcalde pregunta se iso acaba de inventalo agora a señora concelleira, e conclúe dicindo que se lle piden que xustifique a súa decisión, que a xustificará, pero non hoxe.

Dona Margarita Iglesias Pais finaliza dicindo que eles non aceptan direccións políticas do Sr. alcalde.

A continuación, fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de UxC. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Antes de dar lectura á moción, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que lle gustaría facer un breve comentario xa que o Sr. alcalde fixo mención ao seu grupo cando se tratou a moción anterior.

Di que están falando das regras de xogo que se establecen para debater nun pleno, e o Sr. alcalde dixo repetidas veces que ten claro o que é unha moción e o que é un rogo, e que para iso sobre todo emprega o sentido común. Pois ben, el cre que neste caso o sentido común, xa que o Sr. alcalde estaba de acordo con votar a prol, tería sido deixar ler a moción, xa que estiveron corenta e cinco minutos discutindo, sentido común sería que se é algo moi urxente para tratar, non deixalo un mes, outro mes e outro mes, senón sentarse a traballar á présa e correndo para que non pasen estas cousas. El está de acordo, dille ao Sr. alcalde que o faga, e que xa o discutirán na xunta de voceiros ou cando a Sra. secretaria teña o informe, ou cando eles fagan as propostas de modificación do ROM, entón xa falarán. Iso é, dende o seu punto de vista, ter sentido común.

A continuación trátase a moción presentada.

Moción do grupo municipal de UxC relativa a facer unha modificación orzamentaria co fin de aumentar a partida existente de Axuda a domicilio

Rexistrada de entrada ao núm. 13059 o día 22 de setembro de 2012. Consta do seguinte teor literal:

“O programa de axuda no fogar é unha prestación básica de obrigado cumprimento para todos os concellos. Ten como obxectivo principal apoiar as persoas usuarias nas tarefas elementais da vida cotiá, que non poidan realizar polos seus propios medios e non poidan realizalo os seus familiares directos, tales como: aseo persoal, limpeza da vivenda, compra, xestións administrativas básicas, preparación da comida diaria, etc.

Segundo se desprende do informe que o noso grupo solicitou á coordinadora de Servizos Sociais no que di que debido á situación de crise económica que está a vivir o país, o departamento de Servizos Sociais creceu en canto a número de familias que demandan axuda sociais, así como apoio ás unidades de convivencia con familiares dependentes.

Isto fai que as partidas máis solicitadas e que máis xeran gasto son as partidas de axuda a domicilio e de emerxencia social para poder asumir parte das necesidades sociais coas que se presentan os usuarios.

O estado actual destas dúas partidas é o seguinte:

Axuda a Domicilio	325000 € (+36.188,61)	-16332 €
Emerxencia Social	57000 €	26000 €

As razóns que motivan elixir estes programas e non outros é porque se trata de axudas de imperiosa necesidade que a propia Lei de servizos sociais esixen que se presten.

No pleno dos orzamentos o grupo municipal de UniónxCambre dixo que os 56000€ destinados a emerxencia social e os 325000€ destinados a axuda a domicilio parécenlles insuficientes dado as previsións económicas.

Dado que o goberno municipal non tivo en conta as propostas do noso grupo á hora de aprobar os orzamentos e tal e como se prevía, agora toca lamentarse da mala xestión.

Polo que o grupo de UniónxCambre propón ao Pleno os seguintes acordos:

Primeiro: Destinar as asignacións que por asistencias a plenos, comisións e xunta de voceiros percibe UxC, ao programa de Axuda a domicilio dende o 19 de xullo de 2012, no que os tres concelleiros xa fixemos a nosa renuncia.

Segundo: Se inicie o expediente de modificación de créditos para recoller o antedito cambio.”

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, di que o seu grupo vaise abster neste punto, porque di que cada grupo, cada persoa, pode destinar os seus cartos ao que mellor lle pareza. En todo caso, agradece que o doen para ese tipo de servizos moi necesarios en Cambre.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que eles tamén se van a abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que eles coinciden co que di o Partido Popular, cada grupo é moi libre de destinar o diñeiro a onde estime máis oportuno, de todos xeitos, se esa é a vontade de UxC, di que o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que se van a abster.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, di que se vai a abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros de UxC e os dous concelleiros de EU, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro presente do GM.

A Corporación, por cinco votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

8º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da Corporación dá conta do seguinte asunto:

-Da Resolución da Alcaldía núm. 1286 de data 12 de setembro de 2012, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona María Jesús González Roel dende o día 13 ao 21 de setembro de 2012, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

9º Rogos e preguntas

Antes de tratar os rogos e preguntas presentados polos grupos municipais, o Sr. alcalde explica que hai algúns rogos e preguntas que tería que contestar o Sr. Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos. El vai contestar algunhas porque ten coñecemento delas, o resto contestaranse por escrito polo Sr. Marante.

Rogos do PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 13010 o día 21 de setembro de 2012, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Nun pleno pasado este grupo xa presentara un rogo demandando a reparación dunha greta existente no camiño que discorre por diante da casa n.º 14 da Ponte, Cela. Pois ben, a día de hoxe non se ten levado a cabo a citada reparación e, incluso, pódese apreciar a simple vista, que a mesma tense ampliado, correndo perigo de que parte do camiño se derrube sobre o río Mero. A maiores unha situación similar, e co mesmo risco, prodúcese no mesmo camiño á altura dun núcleo de casas situadas cerca da vía do tren, no lugar do Canal, Cecebre.

Por todo o anterior solicitamos se adopten as medidas oportunas, con carácter de urxencia, para resolver definitivamente as deficiencias denunciadas.

O Sr. alcalde manifesta que, aínda que a este rogo debería contestar don Manuel Marante Gómez, el vai tomar nota para facer esa reparación con urxencia.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, explica que aí se colocou un indicador na calzada para observar se a greta ía adiante ou non, e o indicador rachou e repisou incluso bastante máis.

2º O campo de fútbol municipal sito en Lendoiro, Cecebre presenta moitas irregularidades no seu firme. Isto, unido á moi deficiente iluminación, deu lugar en días pasados á unha grave lesión no nocello dun rapaz que estaba a adestrarse. É responsabilidade do goberno municipal evitar que accidentes como o comentado volvan producirse.

Por todo o anterior solicitamos se tomen as medidas oportunas para mellorar o firme do campo, así como para dotalo de iluminación suficiente.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que o ano pasado unha das primeiras actuacións que levou a cabo o goberno municipal foi no campo de Cecebre, dado que, como todos saben, non están sobrados de instalacións deportivas e esa é unha instalación que lles fai moita falta. Di que ten unha serie de problemas estruturais que xa comentaron noutros plenos, e que non é momento

de comentar agora, pero, en todo caso, son conscientes de que hai que facer de novo unha lista de reparacións e algunha máis.

Con respecto ao tema da iluminación explica que hai poucos días, non sabe se foi incluso a semana pasada, estivo reunido con un membro da directiva que llo comentou. Quedou en que se realizaría canto antes, para que poidan adestrar pola noite agora que os días de sol son máis curtos.

3º A zona de recreo situada fronte ao río Mero, preto da entrada á antiga fábrica de Bunge, atópase abandonada e chea de silvas.

Solicitamos se dean as ordes oportunas para que se adecúe.

O Sr. alcalde di que contestará o Sr. Marante Gómez por escrito. El cre que esa limpeza xa se fixo hai dous ou tres días, porque viu as máquinas alí limpando, pero, de todos os xeitos, será o Sr. Marante quen conteste por escrito este rogo.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que cre que de momento non están rematadas, que se comezou, pero que aínda non se rematou.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 13058 o día 22 de setembro de 2012, xunto coas preguntas para este pleno.

1º En decembro vence o prazo para remitir á Xunta o documento para a aprobación inicial do Plan Xeral, solicitamos se nos informe cando ten previsto o goberno municipal reunirse coa oposición e coa empresa para informar do estado no que se atopa o dito documento.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambinete, contesta que teñen previsto poder reunirse con todos eles no mes de outubro.

2º No pleno celebrado o 22 de decembro do ano pasado, a unha pregunta do grupo municipal de UniónxCambre relativa a quen vai pagar o mobiliario novo da Barcala, o goberno municipal contestou que o paga o concello cunha subvención que están pelexando para que se lle aumente o prazo.

Solicitamos se nos informe se obtivemos a subvención e se a dita subvención cubriu os custos.

O Sr. alcalde contesta que o proxecto dos bancos da Barcala foi un proxecto que colleu o actual goberno municipal xa iniciado, cuns bancos que xa estaban en trámite e que se comezaron a colocar na Barcala. Lembra que os veciños protestaron, e que el mesmo se

reuniu con eles. Despois diso decidiron retirar ese mobiliario porque consideraron que non era apto para poñelo na urbanización da Barcala.

Continúa explicando que os bancos tivo que pagalos o concello, xa que non lles deron máis prazo porque esa actuación estaba subvencionada por fondos europeos, polo tanto perdeuse a subvención. Repite que os bancos os pagou o concello, non así o resto da obra, e que eses bancos se meteron nos almacéns que ten o concello. Agora están colocándose en distintos puntos do municipio, é máis, di que está proxectado colocalos nos arredores da Casa da Cultura, que é o que vai no proxecto.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, cre lembrar que se sacaron non só porque fosen bonitos ou feos, senón que ademais tiñan problemas en canto a que podían cortar e temas así, polo tanto, pregunta se iso o van reparar ou se os van a colocar así e ver se lles gustan aos veciños do Temple ou non.

O Sr. alcalde contesta que os bancos sufriron cambios. Explica que a empresa tiña un contrato para a subministración, e que cando subministrou os dous primeiros bancos, eles apreciaron que o maior problema que tiñan eran os respaldos, porque estaban cortados cunha radial, cando a empresa enviou o resto dos bancos, enviou novos respaldos. Di que eses respaldos novos que teñen os bancos non teñen cortes, están no almacén polo que, cando vaian para o seu destino, poderán ver e comprobar que non vai ter ningunha esquina ou corte cos que alguén se poida danar.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que ao final, coas présas, resulta que quitaron os bancos que tiñan e puxeron os novos, despois houbo que quitar os novos e poñer os vellos outra vez, e moitos rompéronse. Para non equivocarse outra vez suxire que en próximas actuacións dese tipo, sobre todo nun lugar como A Barcala, onde sería moi fácil de facer, se teñen tres tipos de banco ou tres tipos de mobiliario, poden poñelo alí e a propia xente pode votar que tipo de banco quere, é así de sinxelo.

O Sr. alcalde manifesta que está totalmente de acordo.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que se alegra.

O Sr. alcalde di que se iso se tivera feito no seu momento, non estarían nesta situación nin terían que ter pagado os bancos.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille ao Sr. alcalde que é verdade que o problema viña de atrás, pero que tampouco pasou ninguén por alí ata que protestou unha persoa, dous, vinte e cinco e cincuenta. El estivo na Barcala e chamou ao Sr. Marante Gómez para que acudise a ver os bancos e á xente que estaba alí protestando. Pídelle que non lle bote toda a culpa ao goberno anterior.

O Sr. alcalde contesta que non, que el non é dado a botar as culpas a ninguén. Di que hai testemuñas no pleno escoitándoo, que saben que cando a el o chamaron, aos dez minutos estaba na Barcala, aos dez minutos, e foi el mesmo quen deu a orde de retirar os bancos naquel mesmo momento, cando o chamaron.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que non vai falar de quen non está.

3º Co mobiliario novo da Barcala que o goberno municipal instalou e logo ante as protestas dos veciños retirou, solicitamos se nos informe de onde os colocou.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que xa está contestada.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 13066 o día 24 de setembro de 2012, xunto coas preguntas para este pleno.

1º Sendo o paro un dos principais problemas da sociedade, e unha das consecuencias máis negativas para os cidadáns, resultando que en Cambre existen 2131 persoas en situación de desemprego, segundo a última enquisa de poboación activa, onde existen fogares con todos os seus membros en paro.

Tendo en conta a situación de desamparo e os dramas sociais existentes dos que non está exenta unha boa parte dos veciños de Cambre; e co obxectivo de paliar na medida do posible o problema do paro, formulamos o seguinte rogo:

Que o Sr. alcalde ou responsable da área correspondente, solicite da Secretaría Xeral do concello ou do servizo administrativo competente, un informe sobre a legalidade de incluír no proceso de adxudicación das obras financiadas con recursos públicos, unha condición (como mellora) que favoreza a contratación dos desempregados empadroados na nosa localidade, co propósito de favorecer, na medida do posible, a contratación establecendo nos pregos de prescricións técnicas a dita condición, ben como requisito ou como mérito avaliable preferente.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, di que están de acordo co rogo, e que lle consta que a secretaria xa está traballando no informe, en cando o teñan faránllelo chegar.

Segue dicindo que el só quere facer unha matización, di que o paro actual en Cambre é en realidade de 2107, xa que no último mes baixou en 24 persoas.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que eles se refiren a última enquisa de poboación activa da que teñen coñecemento, e que ao mellor don Felipe Andreu Barallobre ten datos a posteriori.

2º Segundo as declaracións da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, dona M^a Jesús González Roel, na xunta de goberno do pasado día 3 de setembro, e con relación á actuación na área de prevención e violencia de xénero, observouse que entre a mocidade dáse a idea de que a muller deber ser débil para ser atractiva. Seguidamente informa a concelleira que a este tema se lle vai dar un enfoque positivo a través das mulleres que participaron nas olimpíadas 2012 como Sofía Toro.

O noso grupo municipal coida que nun tema tan delicado como o que estamos a tratar debe de terse a sensibilidade necesaria para poder transmitir ás mulleres e homes novos determinados valores necesarios para o correcto desenvolvemento das relacións sociais, persoais e laborais entre xéneros.

Coidamos dende o grupo municipal de EU que no momento que se detecta un problema tan grave como pode ser a falta de autoestima nas rapazas novas, dentro dos nosos centros educativos, non é suficiente con poñer exemplos de mulleres con grandes carreiras deportivas ou laborais, senón que hai que poñer en marcha un programa que estea á altura da gravidade da situación.

Con base no anteriormente exposto, o noso grupo municipal prega:

Que cumprindo coas súas obrigas, o Concello de Cambre, a través da Concellería de Igualdade teña en consideración poñer en marcha un programa de Igualdade de Oportunidades e Violencia de Xénero que se leve a todos os CEIP e IES do concello baseado nos conceptos de eliminación da linguaxe sexista, fomento da autoestima das mulleres, eliminación de roles e estereotipos dañinos, a loita polos dereitos das mulleres, a identificación das actitudes violentas, e todas aquelas cuestións que fomenten e potencien a igualdade de xéneros.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, di que todo isto que lle piden no rogo xa se está facendo, e explica que na acta recóllese un comentario demasiado reducido das declaracións que fixo, polo que vai ler literalmente o que dixo, que logo reduciuse e puido parecer un pouco frívolo. De todos os xeitos quere reiterar que xa se está realizando, e que terán en conta isto, posto que vén dunha avaliación que se fixo, non de algo que ela pense, senón que está motivada polos estudos feitos nos institutos cos nenos.

A continuación dá lectura ao que dixo na xunta de goberno: “Comezamos coa contratación para a prevención e sensibilización da violencia de xénero, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e cun enfoque de signo positivo, como se leva dando dende hai catro anos. Despois dos obradoiros feitos nos colexios séguense percibindo actitudes sexistas e erróneas, pensan que as mulleres son máis débiles que os homes, pensan que a fragilidade feminina é un encanto especial e ven moi normal que na parella o home

protexa á muller. Di que un exemplo moi claro que lles pode facer cambiar de percepción é o importante papel das mulleres, neste caso puxeron como exemplo a Sofía Toro, por ser de Cambre. É algo bastante chamativo en Cambre, que lles pode facer cambiar, non porque sexa unha deportista de elite, senón porque as mulleres tamén poden resaltar igual que os homes en calquera aspecto da vida.”

Conclúe dicindo que só foi iso, que na acta só se recolleu un pequeno extracto e que ao mellor dá unha sensación de frivolidade que en ningún momento é tal. Eses programas levan xa catro anos impartíndose e pensa que teñen bastante aceptación tanto nos institutos como este ano, como novidade, un maratón nos colexios, onde se vai facer un maratón de actividades do fogar entre nenos e nenas.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, di que están totalmente de acordo, que está claro que o contexto do rogo e o que a Sra. concelleira explicou é exactamente o mesmo, polo que neste caso felicita pola súa competencia á concellería dirixida por dona M^a Jesús González Roel.

Conclúe dicindo que precisamente neste pleno veñen de pedir respecto ás mulleres tanto no ámbito público como privado, e que é competencia de todos eles levar a cabo ese tipo de políticas.

3º Despois de producirse un cuarto incendio nas casas de Bailly recentemente, e despois de declarar aos medios de comunicación o goberno municipal que tomará medidas urxentes, tales como tapiar o edificio e valar o perímetro, pregamos se nos informe das medidas que se van adoptar e cales das recomendacións da arquitecta municipal do mes de agosto de 2011, foron levadas a cabo durante o transcurso deste ano.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que o informe da técnica municipal de 12 de xuño de 2012, marcoulles dous puntos a seguir, por unha banda unhas actuacións que se deberían facer coa máxima urxencia, que serían o valado definitivo das construcións que impida o acceso de xente aos edificios e, por outra banda, unha serie de puntos como sería a limpeza de vexetación coa retirada de árbores e arbustos, inventario dos restos de elementos como pavimentos, frisos e molduras, consolidar a edificación existente, unha análise e diagnose e reconstrución das edificacións e un proxecto de consolidación con delimitación do ámbito de actuación. Este informe pasouse a Obras e Servizos para ver se eles poderían axudar a levar a cabo algunha desas actuacións, e contestaron que sobrepasaba as súas competencias, que para eles era demasiado, iso nun informe de 20 de xuño de 2012.

Segue dicindo que o novo técnico municipal, con data 21 de agosto de 2012, presentou unha memoria valorada onde se recolle que con carácter urxente se deben acometer as seguintes actuacións: peche de ladrillo para tabicar todos os ocos da planta baixa e amolloamento da parcela municipal con corte, roza, limpeza e traslado da vexetación existente, así como tratamento herbicida para evitar a reprodución da vexetación.

Explica que estes dous puntos xa están contratados e que nestes momentos xa están traballando niso.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira e EU, di que ela fai mención ao informe do 2011. Pasou un ano dende ese primeiro informe no que xa se indicaba por parte da arquitecta municipal, e se non é así que a corríxan, que se debía levar a cabo con urxencia a limpeza da vexetación, obra definitiva, realización dun inventario, consolidación da edificación existente, análise e diagnose, así como proxectar a consolidación coa delimitación do ámbito de actuación.

Pregunta que actuacións das urxentes se levaron a cabo neste ano de 2011 a 2012, previo ao incendio, que supón é o que provocou ese segundo informe.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que ela non ten constancia de ningún informe previo ao de data 12 de xuño de 2012 onde houbera constancia deses puntos. Explica que ten informes anteriores de 2011, pero que se foron realizando a raíz de que alí se rodou unha película. Ela só atopou o informe de 2012 referido a eses feitos, e agradecería que, se a Sra. concelleira de EU ten algún do 2011, llo facilitase, porque ela non o atopou. De feito di que o informe coa memoria valorada que fai o técnico municipal é duns días antes do incendio.

Dona M^a Olga Santos López responde que o informe alí diante non o ten, pero que si ten as declaracións da Sra. concelleira no Ideal Galego facendo mención ao informe de 2011.

Dona Rocío Vila Díaz manifesta que sabe que existen esas declaracións, pero que non se chegou a ter o informe oficialmente ata xuño de 2012, que foi cando a técnica municipal si marcou e asinou as medidas que se tiñan que realizar.

Dona M^a Olga Santos López pídelle por favor que revise o que está dicindo, e que teña un pouco de seriedade, porque nas declaracións fai mención a todos os puntos mencionados: análise e diagnose, limpeza da vexetación, valado definitivo.... Ela non se está a inventar nada e considera que en 2011 non se podía saber que medidas había que tomar segundo un informe que ía saír un ano despois. Reitera que non están inventando nada, e que iso constaba nun informe que haberá que buscar. Se non é así, pregunta se nese momento a concelleira tiña unha bola de cristal e xa sabía o que ía poñer que había que facer o informe do 2012.

Dona Rocío Vila Díaz sinala que ela sabe as palabras que se dixeron naquel momento, pero que o que esta explicando agora é que ese informe con data de 2011 non o teñen, a técnica municipal deixouno feito antes de irse por baixa de maternidade, e é de data 12 de xuño de 2012, por iso preguntaba antes se a concelleira de EU tiña un de 2011, posto que a ela non llo facilitaron cando o pediu. Volve dicir que ela ten informes do ano 2011 referentes a actuación que se realizou na zona con motivo dunha película, e ela está a

explicar as actuacións que se tomaron dende ese momento, se ben di que é certo que se verteron esas palabras que saíron na prensa.

Dona M^a Olga Santos López expón que, entón, estalle dicindo unha cousa e a contraria, pídelle que se aclare, porque esa é unha nota de prensa que saca o goberno municipal nos medios de comunicación, e nela faise mención a un informe de agosto de 2011, que dona Rocío Vila avalia segundo as súas declaracións.

Toma a palabra o Sr. alcalde para lembrar que están no capítulo de rogos e que lle parece moi ben o debate, pero que cando se fala de recomendacións da arquitecta municipal, non hai que olvidar que a concelleira tamén é arquitecta. Explica que non hai ningún informe da arquitecta municipal de 2011, polo menos que eles coñezan, o que pasa é que a concelleira fai unhas declaracións na prensa, e fainas non só como concelleira senón tamén como arquitecta, explica o que se debe facer, pero non é porque haxa un informe da arquitecta municipal, senón que fala do que cre ela que hai que facer. Di que ese é o punto da aclaración que ao mellor non están a ter en conta, pero reitera que polo que o goberno sabe, non existe informe do 2011 da arquitecta municipal, o informe é do ano 2012, antes de marchar por baixa por maternidade.

Dona M^a Olga Santos López di que ela é politóloga, pero no seu cargo público non se presenta como tal, senón como concelleira de EU, e iso non ten nada que ver.

O Sr. alcalde di que está de acordo, pero que el simplemente fixo unha aclaración.

Dona M^a Olga Santos López di que, independentemente diso, e de que a equivocación veña de que a concelleira tamén sexa arquitecta, e tamén está no municipio, de forma que poden entender que tamén é arquitecta municipal, aínda que cre que o sentido que se dá non é ese, se ela consideraba que hai un ano era urxente tomar esas medidas, o que EU está preguntando agora é que fixeron neste ano, xa que están a falar de dúas casas que ademais de catalogadas, se poden catalogar como singulares, que non están perdidas. Dixo que había que facer actuacións urxentes e pregunta neste ano cales das valoracións se levaron a cabo, das puntualizacións e necesidades urxentes, se tan urxentes eran, cales das seis se levaron a cabo.

O Sr. alcalde di que iso cre que xa se contestou.

Dona M^a Olga Santos López di que non se lle contestou, estanlle dicindo o que se está facendo agora, pero o que están preguntando é por ese ano dende a urxencia, e non é por insistir.

Dona Rocío Vila Díaz di que xa o dixo, que se están levando a cabo agora, que non se puideron levar a cabo antes e que se está a facer agora.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 13083 o día 24 de setembro de 2012, xunto coas preguntas para este pleno.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, di que van retirar o 1º rogo porque consideran que xa non procede, iso tendo en conta o que xa se falou neste pleno e que teñen o seu compromiso de consensuar ou polo menos de falar do tema.

2º Recentemente o Concello da Coruña ten anunciado a realización dun Plan de Mobilidade que contemplará as necesidades non só do seu termo municipal senón do conxunto da área metropolitana.

Dende o BNG rogamos se solicite información ao Concello da Coruña sobre a dita iniciativa e se informe puntualmente aos grupos da Corporación sobre todo o que afecte a Cambre.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que están de acordo e que o farán canto antes.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 13010 o día 21 de setembro de 2012, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Denuncian usuarios do punto verde sito na estrada de Espírito Santo o problema que se lles presenta cando van tirar lixo de ferros para o seu reciclado. En concreto se o contedor onde ten que depositarse está cheo, o responsable desta instalación non permite que se deixe alí, obrigando ao usuario a volverse co lixo sen poder depositalo.

Que medidas ten previsto tomar o goberno municipal para evitar que este tipo de situacións se sigan a producir?

O Sr. alcalde agradece que puxeran no seu coñecemento o que está a suceder, posto que non o sabían, pero as medidas concretas, se lles parece ben, contestarállelas o concelleiro responsable do tema.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que é unha cuestión de orde nada máis. Expón que os partidos da oposición, agás o Partido Socialista que foi o que presentou as preguntas, non teñen esa documentación.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que debeu ser un erro ao facer a copia.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Taibo Casás que se lle serve de consolo el tampouco as tiña, deixoullas a Sra. secretaria agora mesmo, é máis, tivo que preguntarlle se o grupo socialista non presentara ningunha pregunta. Di que foi un erro ao fotocopiar polo reverso e o anverso, pide desculpas, e di que, se lles parece ben, len a segunda pregunta, porque soamente son dúas.

2ª Para cando se ten previsto iniciar a execución da obra da nova base do Servizo Municipal de Emerxencias, a situar nos Campóns?

O Sr. alcalde contesta que se trata dunha obra financiada en parte pola Deputación, e xa teñen a súa autorización para facela, agora mesmo está no departamento de Contratación e ten que estar rematada antes de outubro do ano que vén.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, pregunta que prazos de inicio e execución ten.

O Sr. alcalde responde que el espera que nos próximos meses, supón que dentro de mes e medio ou dos meses para iniciar a obra.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 13058 o día 22 de setembro de 2012, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª O 18 de xullo de 2011 UniónxCambre presentou por rexistro unha petición para que de forma inmediata e tras varios meses de paralización se executasen as obras necesarias para rematar a rúa Martín Códax.

Tras máis dun ano, preguntamos ao goberno municipal, cando teñen previsto rematar a rúa?

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que isto non só o preguntan eles, que o trouxeron dúas veces, senón que cre que os compañeiros de EU tamén se preocuparon polas rúas Abeleira e Martín Códax no seu momento, e aquilo segue igual, os veciños levan anos así.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que non lle pode dar unha data concreta, pero que o que si lle pode dicir é que xa se están dando os pasos pertinentes para executar o aval. Di que aí está implicada unha xunta de compensación, que é o que está dentro da unidade de execución n.º 11 e por outra banda hai un edificio, que é dunha promotora.

Explica que as sospeitas que teñen agora son que nestes momentos están desaparecidas, pero, de todos os xeitos, estáselles dando a opción de que poidan alegar, por se queren

dicir se van a executar eles o aval ou non. En todo caso, cre que será o concello o que finalmente acabe executando ese aval, e por iso non lle pode dicir exactamente unha data.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que, en todo caso, o que si lles pide, porque lle consta que foron por alí e viron como está a zona, o valado e a entrada ao aparcamento que é perigosísima, é que, polo menos, tomen urxentemente a decisión de acoutar aquilo.

2ª Cando ten previsto o goberno municipal asfaltar e adecuar a Travesía da Igrexa?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que lle sorprende que lle fagan esta pregunta, porque a obra está incluída dentro do plan Arume, e, evidentemente, teñen que rematala antes de que remate o ano, como todo o plan Arume. Explica que xa está contratada e que onte mesmo asinou o contrato coa empresa.

Conclúe dicindo que a obra foi adxudicada por 161.876 euros (IVE incluído) á empresa Arias Hermanos. Agora están esperando a que lles presenten o plan de seguridade, o cal agarda ter como máximo a semana que vén, para poder aprobalo e que se inicien as obras.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, dálle as grazas e dille que non se sorprenda, porque é unha pregunta como calquera outra, simplemente querían saber cando tiñan prevista rematala, nada máis.

3ª O campo municipal de Lendoiro (aclara que o da Barcala) está rodeado de maleza, os usuarios do campo quéixanse constantemente da perda de balóns.

Fíxo algunha xestión o goberno municipal para que os propietarios dos terreos contiguos os limpen?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, di que está ben a matización, xa que, como sabe, hai dous campos de fútbol en Lendoiro e houbo que mirar en ambos casos como estaban, porque non sabían cal era.

Explica que no caso de Lendoiro, A Barcala, tal e como se fixo o ano pasado por estas datas, realizouse unha roza por dentro á cal acudiron, ademais, directivos do Once Caballeros que é o usuario de gran parte das horas, e fíxose sen maior problema. Explica que descoñecía que había maleza nos terreos contiguos que invadisen o terreo de xogo ou a parcela do campo de fútbol, polo que tomarán as medidas oportunas.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que non é que invadan a parcela municipal, está fóra da parcela municipal, pero se van por alí poden velo, o que é pegado ao río e o lateral onde fixeron todo o recheo.

O Sr. alcalde manifesta respecto diso, só como aclaración, non como resposta, que dende o goberno municipal mandaron escritos a todos os veciños que teñen terreos sen limpar, veciños e non veciños, porque di que tamén hai propietarios que viven fóra. Segue dicindo que se non o fan, terán que desde o concello tomar as medidas oportunas, dándolles un prazo conveniente para o seu descargo, pero tomar medidas, porque xa é insoportable o capítulo de terreos que non executan a roza e a limpeza.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 13066 o día 24 de setembro de 2012, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, explica que a primeira pregunta que van formular xa a trouxeron no pleno do pasado día 6, e a concelleira responsable pediulles que a presentaran neste pleno, porque quería recabar máis información.

1^a Non é a primeira vez que o noso grupo municipal se interesa pola situación da débeda que o Concello da Coruña ten contraída co Concello de Cambre, como resultado das liquidacións do IBI do encoro de Cecebre. Segundo o informe elaborado pola secretaria desta Corporación a solicitude da interventora, a dita débeda correspondente aos exercicios de 2002 a 2009, non foi aboada polo Concello da Coruña senón recorrida ante a Deputación en diferentes recursos, todos eles ou inadmitidos ou desestimados, incluso algún dos exercicios nin aboado nin recorrido. Nesta situación a débeda contraída incorpora xuros de demora e recargos de apremio, tampouco aboados estes nin o principal das liquidacións polo Concello da Coruña. No informe da técnico contéplase como unha das posibilidades de liquidación a “compensación” con débedas recoñecidas das que o acredor fose o Concello da Coruña, algo que habería que investigar se existe. A outra posibilidade que se formula, para o caso de que a compensación non sexa factible, sería o procedemento de “embargo”. Por último o informe sinala a conveniencia de obter o expediente para concluír as actuacións conducentes ao cobro da débeda.

Con base no anteriormente exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida pregunta:

Pódennos informar sobre as actuacións que está levando a cabo o goberno municipal, visto o informe técnico, así como a parte do proceso no que nos atopamos cara o requirimento ao Concello da Coruña do pagamento da débeda contraída co Concello de Cambre pola liquidación do IBI do encoro de Cecebre?

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, pide perdón porque hai un erro no texto, o informe é da técnico de xestión económico financeira.

Dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, di que no pleno anterior, respondendo á pregunta formulada pola concelleira de EU, ela mesma contestou que se trataba dun asunto no que estaban completamente de acordo, e seguen a estalo. Explica que agora mesmo o proceso se atopa en fase executiva, polo tanto cabe incorporar á débeda principal tanto os xuros de demora como os correspondentes recargos de apremio.

En canto ao que se está facendo agora mesmo, o proceso está en fase de recadación, e ela mesma asinou unha providencia con data de 17 de setembro de 2012, que se pode resumir en que, vistos os recursos presentados polo Concello da Coruña contra esas liquidacións, que non foron admitidos por extemporáneos ou foron desestimados, vista a sentenza da sala n.º4 do xulgado do contencioso do administrativo da Coruña con data de 24 de xullo de 2009, e visto que a tramitación do procedemento se atopa paralizada pola Deputación da Coruña, tendo en conta que o Concello de Cambre ten a facultade de avocar a dita delegación de competencias para expedientes concretos, pola técnica de xestión de ingresos elaborouse un informe de data 10 de agosto de 2010 que recolle a posibilidade de realizar a compensación de débedas.

Di que por todo iso, foi polo que ditou a providencia na que resolveu que pola Tesourería municipal se realicen todas as actuacións necesarias para facer efectivo o cobro das liquidacións aprobadas en concepto de IBI, e non ingresadas polo Concello da Coruña nos exercicios 2002 a 2011, xunto cos recargos, xuros de demora e demais elementos tributarios que correspondan

Conclúe dicindo que agora mesmo está en Tesourería, e que se aplicarán as medidas que regulamentariamente correspondan para reclamar a débeda.

2^a Xa ten formulada o noso grupo unha iniciativa sobre a escasa visibilidade e o conseguinte perigo no cruzamento da estrada entre Fraís e Espírito Santo, como primeira medida preventiva, solicitamos a instalación dun espello de seguridade.

Pensa o goberno municipal instalar o dito espello, ou non considera urxente a petición presentada?

O Sr. alcalde contesta que, efectivamente, a petición formulada si é urxente, sexa a colocación do espello ou outra medida, pero el case prefíre que lla conteste o Sr. Marante Gómez por escrito, porque el coñece máis o tema.

3^a Pode informarnos o concelleiro responsable en que consiste a actuación prevista na praza Doctor Enrique Piñeiro e do orzamento destinado para tal fin?

O Sr. alcalde contesta que a praza Doctor Enrique Piñeiro ten unha notable carencia, é unha praza na que se fixo unha fonte na que a auga está totalmente estancada e por riba serve de vertedoiro para tirar todo tipo de lixo, co cal nunca esta limpa.

Di que por iniciativa súa, porque ten que dicir que foi o que máis insistiu nese asunto, dado que os inxectores de auga non funcionan, e ante o perigo que ve cos nenos sentados tocando a auga e metendo as mans na boca, encargou un informe onde lle digan se esa fonte se pode cubrir de terra e céspede e poñerlle unhas plantas. Explica que están facendo o informe e que cando o teñan, así como a valoración da obra, comunicarllelo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que imaxina que tamén se fará unha valoración coa deliñeación da fonte, coa terra e céspede.

O Sr. alcalde di que iso é efectivamente o que dixo.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el non dúbida da preocupación do Sr. alcalde, pero lembra que nesta lexislatura, da que levan algo máis dun ano, e na pasada, o seu grupo xa presentou, parécelle que con esta foron catro iniciativas, respecto das condicións nas que está esa fonte, unhas condicións que fan que hoxe pareza unha sucursal de Sogama. Cre que se podería limpar con frecuencia, porque o exemplo que dá non é o mellor para Cambre.

O Sr. alcalde dálle toda a razón ao Sr. Taibo Casás, e insiste en que cada vez que se lembra desa fonte, a manda limpar, porque para el é unha preocupación, en serio, porque cando sae de traballar ou pasa por diante, sempre hai nenos sentados metendo as mans na auga, e esas mans despois van á boca, por iso está realmente preocupado por esa fonte. Explica que el cre que é unha obra que vai custar moi poucos cartos e que vai estar mellor con terra, céspede e un par de plantas que como está agora. De todos os xeitos, quere que conste que pola súa parte danse as ordes oportunas para que as fontes que hai en Cambre estean sempre limpas.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 13083 o día 24 de setembro de 2012, xunto coas preguntas para este pleno.

1ª Estanse a realizar as obras de adecuación das novas dependencias da empresa pública estatal Correos no núcleo urbano de Cambre. Veciños da zona téñense posto en contacto con este grupo municipal para alertar do estado dunha entulleira resultado das obras que ocupa a vía pública e non está equipada cos debidos contedores apropiados para a dita actividade.

Cumpre a obra en cuestión todas as medidas esixibles no tocante á execución da obra e ao tratamento dos materiais sobrantes dela?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que o proxecto que teñen no concello, segundo o cal se concedeu a licenza para a oficina de Correos, cumpre o Real decreto 105/2008 do 1 de febreiro polo que se regula a produción e xestión de residuos, e polo tanto, tería que cumprir. De todos os xeitos, e vista a denuncia que lle están a facer chegar, deu orde de que se reforce a vixilancia da obra para evitar calquera entulleira ou que se ensucie a vía pública, porque en principio debería de estar cumprindo con todos eses requisitos.

2ª Cando vai entrar en funcionamento a illa de contedores soterrados na rúa Constitución?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que polo que eles poden prever, nunca. Sente ter que dicir que se trata dun problema que vén do anterior goberno, que foi o que decidiu facer unha obra sen consultar antes á empresa encargada de xestionar a recollida dos residuos para ver se ía poder asumir sacar eses residuos dese tipo de contedores. Explica que o Consorcio non ten camións para recoller os residuos dese tipo de contedores que están soterrados, e que por riba non se preveu instalar a subministración eléctrica para ese tipo de instalación.

Segue dicindo que se algún día o Consorcio se compromete a adquirir un camión que permita poñelos en funcionamento, entón farán as obras que teñan que facer para dotar de subministración eléctrica esa instalación, pero de momento o Consorcio non ten previsto adquirir un camión que se poida utilizar, polo que agora mesmo non se pode utilizar esa instalación.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, pregúntalle se o que lle está a dicir é que Cambre é o único concello da comarca que ten un punto de contedores de soterrados.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que el non sabe se son ou non o único concello.

Dona M^a Victoria Amor Prieto expón que se lle está a dicir que non teñen ese tipo de camión e non poden facer a recollida, será porque son o único concello, e iso parécelle raro.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que el non lle pode facer esa afirmación porque non a coñece, el o que sabe é que o Consorcio non se compromete a recoller os residuos nesa rúa porque non ten os camións para facelo.

Dona M^a Victoria Amor Prieto sinala que, con todo, a outros concellos si que vai a recollelos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el coñece un pouco máis o tema e que lle pode dicir que hai moi poucos contedores soterrados que estea recollendo agora mesmo o Consorcio. Di que o Consorcio estase equipando agora mesmo con camións porque hai outros concellos que están colocando contedores soterrados, pero de momento ten só un camiión, co cal non pode dar servizo a toda a comarca, ademais, o maior problema é a subministración eléctrica. Xúntanse ambas cousas, primeiro un camiión para Cambre para recoller un só contedor, co cal a volta é impensable, e segundo, que non ten subministración eléctrica, polo tanto, aínda que chegue o camiión, o contedor tería que subir para poder descargalo. Di que el espera e supón, que a medida que iso vaia a máis, e estea en Oleiros funcionando, ao mellor poidan poñer en servizo os contedores que teñen na praza Manuel Murguía, e poida vir o camiión para recoller o lixo. Esa é a situación actual.

Dona M^a Victoria Amor Prieto di que entón non é nunca, esperan que sexa nun futuro, porque en Cambre xa están un pouco atrasados con ese tema, debería haber máis contedores dese tipo, todos os veciños están desexando que se chegue a iso. Conclúe dicindo que entón non será nunca, que será cando se arranxe o problema eléctrico.

3^a Cando ten previsto o Sr. alcalde deixar de incumprir o ROM e facilitarlle á oposición a auditoría técnica realizada pola empresa Applus sobre a piscina municipal da Barcala?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que lle pode adiantar que hoxe pola mañá reuniuse coa persoa que redacta o informe e agarda poder facilitarlle ao longo deste mes.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, sinala que este mes remata pronto.

Don Fernando Caride Suárez responde que entenda por este mes o mes entrante.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que, recollendo esa boa disposición que ten o Sr. concelleiro, que saiba que eles tamén teñen boa disposición e se rematado o mes non se responde debidamente ou non se lles facilita a documentación, tendo en conta que se trata dun dereito fundamental dos membros da Corporación que se vén violentando nos últimos catro meses, e que, polo tanto, transcende a importancia da pregunta en si, se nese tempo prudencial do mes de outubro, que agardan non ter que agotar, non se lles contesta, eles tomarán as medidas de denuncia e de petición de amparo aos organismos competentes, porque entenden que por parte do goberno municipal, por parte do Sr. alcalde, se lles está ocultando información, unha información fundamental.

Conclúe dicindo que se a Policía tamén oculta as placas, eles entenden que igual iso é marca da casa do Partido Popular, pero eles consideran que é algo moi serio.

Don Fernando Caride Suárez explica que se non lle deu unha data antes, só foi porque el ten por costume cumprir coa súa palabra, é algo que lle ensinaron na casa. Di que se el lle di que llo vai entregar ao longo deste mes, é porque llo vai entregar, e se non llo dixo antes é porque non tiña unha data para darllo. Por iso, non lle vai consentir que deixe sequera entrever unha ameaza velada, porque tampouco cre que sexa este o lugar para facelo, se quere denunciar, sabe perfectamente onde están os xulgados.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que lle negaron durante catro meses a documentación e agora dinlle que o que ameaza é el.

O Sr. alcalde chámalle a atención a don Daniel Carballada Rodríguez e dille que non está no uso da palabra, e que se volve producirse outra situación deste tipo, tomará medidas severas. Di que el non ten nada que esconder, e que o Sr. concelleiro pode acudir onde queira, porque el non ten nada que esconder, ningún tipo de informe. O único que hai é un informe feito por unha empresa externa, que el leu, e que pediu que fora analizado polos servizos técnicos e xurídicos do concello, co fin de poder entregar ese informe técnico e xurídico a toda a oposición, non só ao Sr. Daniel Carballada.

Conclúe dicindo que iso require tempo e que, de todos os xeitos, o concelleiro do BNG fixo unha pregunta, o concelleiro competente contestoulle á pregunta, e agora o Sr. Carballada quere seguir replicando.

10º Mocións correspondentes á fiscalización e control previstos no artigo 125 do Regulamento Orgánico Municipal

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, pregunta se hai que votar a urxencia da moción neste caso.

O Sr. alcalde contesta que non fai falta, porque están presentándoa dentro da orde do día.

Moción de fiscalización e control relativa á “Posta en marcha do programa de universalización do servizo de comedores escolares” presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do previsto nos art. 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, e no art. 125 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 12907 o día 20 de setembro de 2012, consta do seguinte teor literal:

“O grupo municipal dos socialistas de Cambre presentou no mes de outubro do pasado ano moción ao Pleno municipal na que instaba á Xunta de Galicia e ao goberno municipal á adopción de medidas que favoreceran a conciliación da vida familiar e

laboral das familias de Cambre no eido educativo, e en concreto a posta en marcha de accións destinadas a universalizar o servizo municipal de comedores escolares.

Esta moción tratouse no pleno do 20 de outubro de 2011 e foi aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos presentes na Corporación. De feito, o voceiro do PP, Sr. Andreu, manifestou: *“que o seu grupo vai votar a favor da moción, porque está totalmente a prol dos acordos que se propoñen”*. E máis adiante sinalou: *“en canto a que o concello asuma o servizo para os nenos que cumprindo os requisitos non teñan obtido prazas, é algo que o PP levaba no seu programa”*.

Con base na aprobación da citada moción, o grupo municipal dos socialistas de Cambre propuxo un voto particular, no pleno de aprobación dos orzamentos municipais para o ano 2012, que tivo lugar o 26 de xaneiro de 2012, para poñer en marcha e financiar cunha consignación de 5000€ o “Programa de universalización do servizo de comedores escolares”. Este voto particular foi aprobado co apoio unánime de todos os grupos da Corporación.

Diante da falta de iniciativas do goberno municipal para poñer en marcha este programa, e despois dunha conversación mantida coa concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, o día 23 de marzo do presente ano, presentouse, por parte deste grupo, escrito no que se achegaban unha batería de suxestións para facilitar a posta en marcha do programa acordado.

Como única medida posta en marcha para cumprir cos compromisos alcanzados, polos responsables municipais remitíronse aos CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, Portofaro da Barcala e O Graxal do Temple, follas fotocopiadas nas que se relacionaban distintas escolas infantís de titularidade privada onde poderían acudir os pais interesados que, non tendo praza de servizo de comedor escolar para os seus fillos nos centros educativos, precisaran del.

O certo é que por culpa da incapacidade do goberno municipal para xestionar o tema e poñer en marcha o compromiso de toda a Corporación sobre o tan demandado Programa de universalización do servizo de comedores escolares, a día de hoxe moitos rapaces de educación infantil e primaria, residentes no noso concello, comezarán o curso sen praza.

Por todo o anterior o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao goberno municipal a seguinte proposta de actuación:

Primeiro: Instar ao alcalde de Cambre a que, na súa condición de máximo responsable do goberno municipal, adopte as medidas oportunas (informativas, regulamentarias, orzamentarias, etc.) para poñer en marcha, coa máxima celeridade, o Programa de universalización do servizo de comedores escolares, co fin de que todos os nenos de educación infantil e primaria do noso concello que o soliciten poidan acceder á praza de comedor escolar.

Segundo: Adoptar con carácter urxente todas as medidas precisas para que os rapaces de educación infantil e primaria, que ao comezo deste curso escolar quedaron sen praza de comedor escolar, poidan acceder inmediatamente a este servizo, en iguais condicións de custo e calidade que o resto de escolares do concello.”

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, di que a ela gustaríalle saber se o concelleiro socialista ten coñecemento dalgún neno de Cambre, que cumprindo os requisitos, quedase sen praza de comedor.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, contesta que na moción que aprobaron no mes de outubro, o seu grupo formulou una redefinición dos criterios de acceso. Non están falando dos criterios que establece a Orde da Xunta de Galicia do ano 2007, porque transcorridos xa cinco anos desa orde, todos entenden que a situación persoal, social e familiar das familias de Cambre cambiou desgrazadamente para peor, por iso nesa moción instaban a redefinir os criterios de acceso ao servizo.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel di que eses criterios os marca a Xunta, porque os comedores son problema da Xunta, os comedores en Cambre son xestionados pola Xunta, e estarían asumindo un servizo que non é deles. Explica que eles dende o concello o que fixeron é, aos nenos que quedaron sen praza de comedor porque non cumprían os requisitos, anunciarlles todas as garderías de Cambre, para que puidesen ter ese servizo.

Loxicamente tamén se valorou que, se tivera quedado algún neno ao que lle correspondera a praza de comedor sen ela, facer unha especie de bolsa cos cinco mil euros que teñen da partida. Pero, a día de hoxe, eles non recibiron absolutamente nin unha soa queixa, porque os nenos que quedaron sen comedor, ou ben os pais os poden ter en casa ou ben asumen perfectamente que non tiñan dereito á praza de comedor, co cal, eles non recibiron absolutamente nin unha soa queixa, repite que nin unha.

Explica que a Xunta asumiu a súa parte, a última hora en Cambre aumentáronse as prazas en trinta e dous, aumentounas a Xunta, e na propia moción, cando don Augusto Rey Moreno interveu, dixo as seguintes palabras para finalizar a súa intervención: haberá familias que estean dispostas a pagar a totalidade do custo do servizo do comedor escolar, moitas destas familias demandan que se preste ese servizo e nesta liña é o que teñen que traballar.

Segue dicindo que eles fixeron unha valoración a través das garderías porque os nenos non poden comer en calquera lugar, ten que reunir unha serie de requisitos, as garderías os reúnen, estaban dispostas a dar ese servizo, unificaron prezos e dende o concello se

fixo a xestión, anunciándoo nos colexios, e todos os padres que estiveron interesados o colleron.

Conclúe sinalando que tamén lle deu traslado ao grupo municipal do PSdeG-PSOE, para que deran a súa opinión, e non recibiu contestación, fíxoo por correo electrónico, polo que ten constancia. Non obtivo contestación co cal enviouse aos colexios.

Don Jesús Bao Bouzas dille que iso con posterioridade ao acordo que mantiveron ela e el, no que a concelleira lle informa, e el lle di que lle parece ben, como paso inicial, vincular ao ámbito educativo a prestación dese servizo, pero en ningún momento accederon a que o servizo se prestase así, é dicir, o goberno municipal está incumprindo un acordo da Corporación, no que se instaba a instaurar un servizo municipal de comedores escolares complementario ao servizo que presta a Xunta. Non están a falar de invadir competencias.

Dona M^a Jesús González Roel manifesta que ela realmente non sabe se todos coñecen claramente en que situación se atopan para crear un servizo duplicado. Unha cousa é que haxa nenos que tiveran quedado sen o servizo correspondéndolles, neses casos, lóxicamente, o concello a través dos medios que ten tomaría medidas, pero non duplicar un servizo que está a ofrecer a Xunta de Galicia, porque é esa administración quen o ten que solucionar, non os veciños de Cambre. Eles como concello terían que darlle servizo aos nenos que correspondéndolles non tiveran obtido praza, e nese sentido se traballou, e volve dicirlles que non tiveron nin unha soa queixa.

Don Jesús Bao Bouzas lembra o texto do acordo da Corporación adoptado por unanimidade, e refrendado polo PP, segundo o cal se pretende instaurar o servizo municipal de comedores, é dicir, se pretende que aqueles nenos que non tendo acceso ao servizo da Xunta de Galicia, e atendendo á redefinicións de criterios que eles lle pediron a través dunha ordenanza, a través dun regulamento, a través dun acordo do tipo que sexa, instaurar ese servizo. A día de hoxe, el entende que o goberno municipal se lavou as mans, desentendeuse do asunto e non tiveron nin teñen intención de poñer en marcha o servizo, polo que está a ver.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que el simplemente por alusións, porque interviu cando se tratou a moción, dá lectura ás súas palabras, aínda que cre que está suficientemente claro: *“de feito o voceiro do PP o señor Felipe Andreu manifestou que o seu grupo vai votar a favor da moción porque está totalmente a prol dos acordos que se propoñen”* e máis adiante sinalou *“en canto a que o concello asuma o servizo para os nenos que cumprindo os requisitos non teñan obtido prazas é algo que o PP levaba no seu programa”*. Di que eles ao que se comprometeron foi a dotar dun servizo municipal a aqueles nenos que, cumprindo cos requisitos, non obtiveran praza, pero que a Xunta resolveu o problema no único colexio onde o houbo, que foi en Cambre, e foron trinta e dúas prazas que se dotaron a maiores para cubrir a demanda real existente dos rapaces que cumprían os requisitos.

Conclúe dicindo que a proposta, o acordo, é o que poñen eles mesmos na súa moción, tratábase de dotar dese servizo aos nenos que cumprían os requisitos e non tiñan praza, e volve dicir que é o que pon a moción presentada.

Don Jesús Bao Bouzas di que non se trata, e que o dixo dende o principio, de duplicar un servizo nin de invadir competencias que non lle corresponden ao goberno municipal, trátase de complementar e reforzar o servizo, e nese sentido houbo un acordo adoptado pola Corporación, pero o goberno non puxo en marcha o servizo, é tan claro como iso. Ademais, os problemas que ao parecer se detectaron non eran unicamente no colexio Wenceslao Fernández Flórez, aínda que nese colexio se resolveron, en parte por unha ampliación dunha obra que no seu momento tamén habían suxerido dende o PSdeG-PSOE, e cando dende o goberno municipal lles dixeran que non había posibilidade de que ese servizo crecese nese centro. Sinala que se hai compromiso e intención política os problemas se resolven.

Di que se lle permiten vai ler un texto, xa lle dirán se é ou non textual, da xunta de goberno do 11 de setembro, que di *“no CEIP de Cambre quedarán soamente sen prazas persoas matriculadas no centro pero que non lles corresponde no citado centro”* iso atendendo a non sabe que criterios, e que tamén se di que *“en canto ao comedor do CEIP do Graxal quedaron nenos fóra e está a espera de recibir información por parte da directora do colexio, do perfil dos nenos excluídos”* e engaden *“dependendo do perfil dos nenos que quedaron sen comedor tratarase de solucionar a través de axudas dende este concello”*. Conclúe dicindo que entende que non hai un marco regulador por parte do goberno municipal que estableza a prestación do servizo.

Don Felipe Andreu Barallobre di que el intervén porque este asunto o defendeu el mesmo e o explicou el mesmo. El entende moi ben a preocupación de don Jesús Bao Bouzas que tamén é a súa, xa que o Partido Popular no seu programa electoral tamén levaba, para o caso de que a Xunta non fose capaz de garantir o servizo, que o concello debería de intervir, non duplicar un servizo, senón intervir. Iso é exactamente o que eles levaban no seu programa electoral, foi o que dixeron no seu momento, e foi o que eles en conciencia pensaban que estaban aprobando nos orzamentos.

Segue dicindo que está totalmente convencido de que ese era o seu interese, que o concello intervisse única e exclusivamente cando a Xunta non puidese dar servizo, e iso foi o que se fixo, e tamén se chegou a un acordo coas escolas infantís para que en caso de que calquera neno non tivera praza, puidesen acudir ás escolas infantís a obter ese servizo. Cre que é unha medida moi oportuna que acadou a concelleira, incluso se formulou a posibilidade de facer unha bolsa para que aqueles nenos que cumprindo os requisitos tiveran que acudir a unha escola infantil, tiveran unha axuda municipal, pero non foi necesario.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que máis aló de programas electorais, parécelle ilóxico o que se está a falar. Como dixo a Sra. concelleira, solucionouse un problema no Wenceslao Fernández Flórez tirando un tabique, asumindo o custo o Concello de Cambre. Por outra banda, no pleno dos orzamentos, o grupo municipal do PSdeG-PSOE presentou unha proposta para dotar unha bolsa cunha partida de cinco mil euros, e entende que eses cinco mil euros non se gastaron en catro fotocopias que se lles enviou aos pais recomendándolles unhas garderías.

Segue dicindo que eses cinco mil euros téñense que gastar neses rapaces que quedaron fóra, cumpran ou non cumpran os requisitos que marca a Xunta de Galicia, porque como dixo o seu compañeiro a situación na que están agora mesmo as familias e veciños de Cambre non é a mesma que cando saiu a ordenanza no 2007. Eses cinco mil euros débense achegar ou xestionar para que se subvencionen as diferenzas entre o que custa o comedor nos colexios, uns setenta euros, e o prezo nas garderías, que se unificou ao redor de cento dez ou cento quince euros. Esa é unha das cousas que eles piden, que se usen eses cartos, que para iso están consignados, non para outra cousa.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, di que el non tiña intención de intervir pero que o vai facer. Di que lle falan de duplicación de servizos, e preguntalles que fixeron co transporte adaptado e o 065, sacaron o taxi adaptado porque o servizo era insuficiente, pregunta se iso non é duplicar servizos.

Expón que a moción tiña moito sentido, porque sempre fixeron fincapé en que son medidas relativas ao comedor escolar co obxecto de conciliar vida familiar e laboral. Pregunta se se entende ese concepto, xa que se trataba de superar as limitacións que, como todos saben, agora mesmo pon a Xunta para calquera persoa ou familia que queira acceder ao comedor escolar. Hai nenos que quedan fóra, o haxa aprobado quen o haxa aprobado, é dicir, é insuficiente. Explica que hai cantidade de concellos que están a tomar medidas, el mesmo se ofreceu para ir coa Sra. concelleira, en concreto o Concello de Oroso, que puxo en marcha o servizo que eles están demandando. Segue dicindo que Ames tres cuartos do mesmo.

Continúa dicindo que tamén dixeron que non houbo reclamacións, pero pregunta como vai habelas se non está posto en marcha o servizo. Hai que poñelo en marcha e despois xa verán como hai demanda. O que non entenderon é que ese é o seu compromiso e o compromiso de toda a Corporación en pleno.

Expón que o 23 de marzo enviáronlle á Sra. concelleira un escrito con suxestións, no que se pedía que se abriera un período informativo ás familias para ver cantas estarían interesadas nese servizo. Acto seguido, o que deberían ter feito, coñecendo as demandas reais das familias que solicitan o servizo de comedor, é facer un regulamento que regulase como se accede a el. A partir de aí, se neste primeiro exercicio, no curso 2012-2013, non houbera prazas suficientes nos centros educativos, o adecuado sería tomar as

medidas necesarias a medio prazo para ampliar os comedores escolares e dar servizo a todos os nenos, tanto aos da Xunta como aos que se acollesen ao plan de universalización do concello e, temporalmente, chegar a convenios coas escolas infantís para prestar o servizo, pero evidentemente en iguais condicións de servizo, calidade e prezo que teñen os rapaces nos centros educativos.

Pensa que o tema está bastante claro, outra cousa é que o goberno municipal ou non o entendeu ou non ten vontade de levar adiante o que se pactou, porque entón xa lle dirán para que se aprobou esa subvención de cinco mil euros, se non foi para poñer en marcha un servizo.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel explica que no caso de nenos que cumprindo os criterios quedasen fóra, faría falta unha partida, e a partida está aí, non se gastou nada, nin en fotocopias nin en nada, non se gastou un euro desa partida, nada, simplemente estaba aí en previsión de que houbera nenos que cumprindo os requisitos quedaran fóra do servizo prestado pola Xunta.

Tamén quere comentar que os concellos que fan o seu propio regulamento é porque neses concellos os comedores non son xestionados pola Xunta, mentres que en Cambre a Xunta si ten obriga de xestionalos, e se a Xunta non cumpre, eles están aí para darlle o servizo aos nenos aos que lles corresponda. Non foi ese o caso, porque a Xunta solucionou os problemas e entraron todos os nenos en Cambre, no Graxal, en Sigrás, en todos os lugares entraron os nenos. En canto a programacións de conciliación da vida laboral e familiar, teñen de todo tipo, por exemplo o mañanceiro, os comedores, os campamentos de verán, os campamentos de Nadal, etc., é dicir, teñen o máximo que pode ter calquera concello limítrofe.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que el entende que a eles, ao goberno, ou ao resto de concelleiros se formasen parte do goberno, os veciños os elixiron para solucionar problemas, pero para solucionar problemas que existen, non problemas ficticios nin problemas que se invente o grupo do PSdeG-PSOE, porque é o que están facendo, inventando un problema que non existe, xa que quen cumpre os requisitos ten en Cambre praza de comedor.

Continúa lembrando que cando estaban falando deste asunto el entregoulles un informe cunha previsión realizada por un técnico municipal que dicía que non se ía cumprir, que a oferta non ía ser suficiente para cubrir a demanda, por iso dixeron que o concello ía ter que tomar unha decisión para un problema que probablemente se ía xerar. Pero explica que ese problema non existiu, e pregunta que solución van tomar para un problema que non existe. O que se fixo foi tomar outra solución para quen non cumpría os requisitos, ofrecéuselles a posibilidade de acudir a unha escola infantil.

Conclúe dicindo que houbo escolas infantís que tiveron que facer trámites burocráticos para poder ofrecer o servizo, e fixéronos grazas ao asesoramento da Sra. concelleira, pero di que ese servizo non se está utilizando porque ninguén o demanda.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno pregúntalle á Sra. concelleira cantos nenos, solicitando praza no comedor, quedaron sen praza nos colexios de Cambre a día de hoxe.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que non ten alí a cifra exacta, pero que lle pode dicir que aproximadamente en Cambre uns vinte e dous nenos, e no Temple o no Graxal máis ou menos tamén, no Portofaro menos.

Continúa explicando que cando os pais matriculan a eses nenos neses colexios, xa se lles di claramente que son nenos que están fóra da súa zona. Elixen o colexio e se hai praza se lles dá, e como ela está en contacto continuo cos directores sabe que nese momento o director lles explica aos pais que hai praza de colexio pero que non van ter dereito aos servizos complementarios e os pais contestan que non lles importa, o que pasa é que a ninguén lle importa nada ata que logo, despois de un ou dous anos, queren todos os servizos aos que saben que non poden optar de antemán.

Polo tanto, os rapaces que quedaron, segundo os informes que lle pasa a dirección do colexio, son nenos que non son de zona, é dicir, nenos que de antemán saben que non teñen dereito aos servizos complementarios.

Don Augusto Rey Moreno di que son familias de Cambre.

Dona M^a Jesús Rodríguez Roel di que si, que por suposto que son familias de Cambre.

Don Augusto Rey Moreno pregunta para que está entón ese plan se non é para atender a esas familias que quedaron sen praza. Sinala que se tivera creado o servizo a xente o demandaría, o que pasa é que o goberno municipal, incumprindo o seu compromiso, non o puxo en marcha, por incapacidade ou polo que sexa. Respecto da duplicidade, volve dicir que en Cambre se duplicaron servizos e non se dixo o que se está a dicir agora, e que ao mellor é un problema de incapacidade, se cadra iso en Servizos Sociais se tería resolto pero en Educación, por falta de medios ou o que sexa, non se puido poñer en marcha, pero o certo é que hai demanda, porque eles non falaban das capacidades nin das posibilidades da Xunta para dar as prazas, falaban dos nenos que quedaban fóra dos criterios da Xunta, e pregunta que se non a que viña isto.

Conclúe a súa intervención dicindo que pola súa parte cre que a moción ten perfecta viabilidade e que o que hai que poñer en marcha son os mecanismos para poñela en funcionamento, crear ese servizo municipal complementario do servizo da Xunta e dar servizo a todos os que o demanden.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que cre que xa se debateu suficientemente esta moción. Despois de escoitar o debate, sinala que o PSdeG-PSOE segue propoñendo que a eses nenos que elixen un colexio determinado, aínda non correspondéndolles, e aos que logo se lles negan os servizos porque non teñen dereito, xa que non reúnen os requisitos ou parámetros necesarios, aínda así o grupo socialista quere crearlles un servizo que si se poden pagar, posto que el entende que se optaron por quedar sen el, é porque poden pagalo.

Continúa dicindo que don Augusto Rey Moreno puxo dous exemplos de dous concellos que si teñen o servizo, e pídelles que se informe, porque el considera que con iso poden rematar o debate. Explica que el se preza de coñecer ao Sr. Miras que goberna en Oroso e ten familia, un irmán, en Cambre, prézase de contar coa súa amizade, e di que hai dúas semanas estivo con el e comentaron o tema do servizo de comedor e teñen o mesmo problema. Continúa dicindo que o alcalde de Ames, o Sr. Santiamor, está con el na Deputación, e non teñen instalado ese servizo, o teñen concertado con escolas infantís, repite que non teñen o servizo, ese servizo non está instaurado porque é pagar a nenos que teñen poder adquisitivo suficiente para pagarse o comedor, e por riba estarían subvencionándoos. Pídelles que o perdoe, pero que é o señor Augusto Rey Moreno quen parece de dereitas.

Don Augusto Rey Moreno di que non se confunda, que de dereitas nin o pensamento nin nada. Di que do que se está a falar, con independencia do custo do servizo, é de dar servizo, pero que hai que dar servizo nas mellores condicións, e que o alcalde o que ten que facer é un estudo de canto custa ese servizo e non ir á iniciativa privada e dicir que son cento vinte euros. Pregúntalle se regateou con algún centro.

O Sr. alcalde contesta que si.

Don Augusto Rey Moreno pregúntalle se lle pedían máis.

O Sr. alcalde volve contestar que si.

Don Augusto Rey Moreno pregúntalle se lle pedían máis das cantidades que puxo na nota informativas.

Dona M^a Jesús González Roel di que o ano pasado os pais que o necesitaban pagaban máis, e este ano unificáronse os prezos e págase unha cantidade menor.

Don Augusto Rey Moreno di que segue opinando que se incumpriu o compromiso adquirido no pleno, cre que hai nenos que quedaron sen servizo, familias que poderían pedir o servizo. Di que non houbo reclamacións porque o goberno municipal se desentendeu diso, que se tiveran posto en marcha o servizo, e tiveran tomado datos sobre os potencias demandantes do servizo, xa verían como aparecían as reclamacións.

Repíte que non é un tema de dar simplemente comida aos rapaces, é un tema de conciliar a vida familiar e laboral das familias, e iso non se logrou.

Dona M^a Jesús González Roel di que os pais ían á porta do colexio a recoller os nenos e levalos á gardería, tels alí dúas horas e volver para levalos se tiñan actividades extraescolares, ese era o servizo de cento dez euros. Pregúntalle se iso non é conciliar, porque ela cre que non está nada mal. Segue explicando que é un servizo no que a maioría da xente que quedou fóra foi porque elixiron o colexio que quixeron sen corresponderlles, así que será que poden elixir, porque se levaran os nenos ao seu colexio de zona, alí comían, tiñan o mañanceiro e tiñan todos os servizos complementarios. Sona casos nos que a Xunta non ten obriga de darlles ese servizo.

Conclúe dicindo que xa lle gustaría a moitos concellos que a xestión que fixo a Xunta este ano en Cambre a tivera feito noutros lados tamén, e xa lles gustaría ter os comedores xestionados pola propia Xunta, non polos concellos, onde na maior parte dos lugares os levan as AMPAS.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que lle parece que a moción está suficientemente debatida.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, pide facer unha alusión á intervención do alcalde, unha aclaración.

O Sr. alcalde dille que non, que se vai facer unha alusión á súa intervención dille que non, porque el tamén ten que conciliar a vida familiar e laboral, e son as dez e media da noite, e unha alusión ao que el dixo non ten moito sentido.

Dona Margarita Iglesias Pais di que é só unha aclaración sobre as intencións.

O Sr. alcalde pregúntalle sobre que intencións.

Dona Margarita Iglesias Pais di que se lle deixa falar poderá entendelo, e que lle asegura que é moi breve. Explica que con respecto ao que dixo o Sr. alcalde sobre que o servizo de comedor ten que atender aos que o necesiten e que parecen de dereitas, gustaríalle aclarar que eles o que defenden son dereitos sociais, universais, non servizos sociais asistenciais, e que esa é a diferenza entre dereita e esquerda.

A continuación, o Sr. alcalde diríxese ao voceiro do PSdeG-PSOE e dille que despois do debate que xurdiu, esta é unha moción de fiscalización e control, na que instan ao alcalde a que na súa condición de responsable adopte as medidas oportunas, informativas, regulamentarias e orzamentarias, para poñer en marcha coa maior celeridade o programa de universalización do servizo de comedores. O único que lle di é que ese servizo a día de hoxe non está demandado, e que se estivera demandado, el

sería o primeiro en poñer un servizo de comedor en Cambre, pero non hai demanda e, polo tanto, non se admite a moción.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dous horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia